

Instituto de Psicoloxía da Universidade de Santiago de Compostela (IPsiUS)



MEMORIA DE CREACIÓN

Historial de revisións

00	28/11/2023	Aprobación pola Comisión Redactora
01	27/12/2023	Aprobación polo Consello de Goberno da USC. Modifica referencias á localización física.
01.1	27/04/2024	Edición para corrección de erratas e eliminación de referencias a anexos non incluídos

Índice

1. Xustificación e contexto do IPsiUS.....	1
1.1. Antecedentes para a creación do instituto.....	1
1.2. Capacidades dispoñibles	4
1.3. Contexto para a investigación nos eidos da psicoloxía e áreas afíns	15
1.4. Contorno científico: comparativa con centros de referencia para o IPsiUS.....	21
2. Análise DAFO	29
3. Marco estratéxico: Misión, Visión e Valores	31
4. Goberno e organización	33
4.1. Goberno.....	33
4.2. Equipo científico.....	35
4.3. Unidades organizativas	37
4.4. Organigrama.....	38
5. Estratexia científica.....	39
5.1. Reto 1: Promover saúde e benestar.....	40
Eixe 1.1: Envellecemento saudable.....	40
Eixe 1.2: Intervención en procesos de enfermidade	42
Eixe 1.3: Condutas de risco e adiccións	43
5.2. Reto 2: Desenvolver sociedades inclusivas e diversas	44
Eixe 2.1: Vulnerabilidade psicosocial e resiliencia.....	44
Eixe 2.2: Equidade e diversidade	45
Eixe 2.3: Sociedade cambiante	46
5.3. Reto 3: Contribuír á sociedade dixital e á sostibilidade	47
Eixe 3.1: Ferramentas dixitais (<i>e-Health</i>) para avaliación e intervención psicolóxica....	47
Eixe 3.2. Custo-eficiencia da prevención e intervención psicolóxica.....	48
Eixe 3.3: Fendas dixitais e lingüísticas	50
5.4. Eixe transversal: Procesos cognitivos e afectivos	51
6. Estratexia institucional	53
6.1. Desenvolvemento institucional	53
6.2. Investigación	58
6.3. Talento.....	62
6.4. Transferencia e impacto social.....	63
6.5. Cronograma.....	65
6.6. Indicadores para a monitorización e seguimento do plan de acción	68

Índice de táboas

Táboa 1. Persoal investigador vinculado ao IPsiUS	5
Táboa 2. Grupos de investigación de orixe do persoal investigador adscrito ao IPsiUS	7
Táboa 3. Fondos captados para I+D e transferencia por orixe (importe e porcentaxe)	8
Táboa 4. Produción científica do equipo promotor do IPsiUS no período 2018-2022.....	9
Táboa 5. Teses doutorais dirixidas no período	11
Táboa 6. Principais integrantes da rede científica do IPsiUS	14
Táboa 7. Aliñamento entres as temáticas de investigación do IPsiUS e a RIS3Galicia.....	16
Táboa 8. Aliñamento entres as temáticas de investigación do IPsiUS e o Plan de Saúde Mental de Galicia posCovid-19	17
Táboa 9. Aliñamento entre as temáticas de investigación do IPsiUS e a “Estrategia Española de Ciencia, Tecnología e Innovación 2021-2027”	18
Táboa 10. Aliñamento entres as temáticas de investigación do IPsiUS e a “Horizon Europe”	20
Táboa 11. Cadro sintético de indicadores cienciaométricos do IPsiUS, CIMCYC, CIPsi e PsyRes (2018-2022)	22
Táboa 12. Persoal investigador (2022)	23
Táboa 13. Proxectos Horizon	24
Táboa 14. Publicacións altamente citadas (2018-2022)	25
Táboa 15. Publicacións por anos (2018-2022)	25
Táboa 16. Publicacións en acceso aberto (2018-2022).....	26
Táboa 17. Publicacións en colaboración internacional (2018-2022)	26
Táboa 18. Publicacións por campos temáticos (2018-2022)	26
Táboa 19. Citas por publicación (2018-2022)	27
Táboa 20. Impacto normalizado por anos (2018-2021)	27
Táboa 21. Publicacións en revistas Q1 (2018-2022)	28
Táboa 22. Publicacións en revistas D1 (2018-2022)	28
Táboa 23. Análise DAFO.....	29
Táboa 24. Persoal investigador garante do IPsiUS	36
Táboa 25. Persoal investigador promotor do IPsiUS	36
Táboa 26. Principais capacidades en envellecemento saudable	41
Táboa 27. Principais capacidades en intervención en procesos de enfermidade	42
Táboa 28. Principais capacidades en conductas de risco e adiccións	43
Táboa 29. Principais capacidades en vulnerabilidade psicosocial e resiliencia	45
Táboa 30. Principais capacidades en equidade e diversidade	46
Táboa 31. Principais capacidades en sociedade cambiante	47
Táboa 32. Principais capacidades en Ferramentas dixitais (e-Health) para avaliación e intervención psicolóxica.....	48
Táboa 33. Principais capacidades en custo-eficiencia da prevención e intervención psicolóxica	49
Táboa 34. Principais capacidades en fendas dixitais e lingüísticas.....	50
Táboa 35. Principais capacidades en procesos cognitivos e afectivos	51
Táboa 36. Axenda científica do IPsiUS	52
Táboa 37. Cronograma para o desenvolvemento do plan de acción do IPsiUS no período 2024-2027... ..	66
Táboa 38. Indicadores para a monitorización do plan de acción do IPsiUS no período 2024-2027	68

1. Xustificación e contexto do IPsiUS

1.1. Antecedentes para a creación do instituto

A investigación psicolóxica na Universidade de Santiago de Compostela (USC) ten experimentado un crecemento moi considerable nos últimos anos, tanto cuantitativa como cualitativamente, gañando en produtividade e relevancia. O afianzamento deste campo de investigación foi parello á creación e desenvolvemento da Facultade de Psicoloxía da USC, que é única no Sistema Universitario Galego. A partir dos anos 90, e coa progresiva ampliación do seu cadro de persoal, foron creándose laboratorios de psicoloxía experimental e de neurociencia cognitiva, e constituíndose grupos de traballo capaces de xerar e difundir coñecemento en múltiples ámbitos, con implicacións na saúde, na educación, nas organizacións ou nos servizos comunitarios.

A medida que esta actividade investigadora foi medrando, producíronse confluencias entre os equipos iniciais, para forxar grupos máis amplos e con posibilidades de desenvolver proxectos de maior alcance. Así, obtívose o recoñecemento de grupos “consolidados” (con Potencial de Crecemento ou de Referencia Competitiva)¹, nos que se foron formando novos investigadores e investigadoras que teñen acadado unha alta competencia científica. Todo isto reforzou un tecido de recursos humanos e materiais que, nestes momentos, presenta unha madurez apropiada para artellar unha unidade de nivel superior. Esta iniciativa alíñase coas demandas das políticas científicas que requiren de estruturas de I+D+i fortes, estables e con capacidade para competir en escenarios nacionais e internacionais, non só para conseguir a excelencia científica, senón tamén para potenciar o valor social da investigación.

Así pois, a proposta do **Instituto de Investigación en Psicoloxía da USC (IPsiUS)** responde á necesidade de xerar un contexto de investigación que, partindo das sinerxías, a colaboración e a optimización dos recursos, poida dar respostas innovadoras e melloradas a retos sociais cada vez máis complexos. Con este obxectivo, partimos da experiencia de grupos cunha longa traxectoria de investigación, nomeadamente os seguintes:

- A **Unidade de Investigación das Condutas de Risco e os Trastornos no Desenvolvemento** (UNDERISK; GI-1416) vén desempeñando unha actividade científica continuada desde antes da súa constitución oficial en 1999. Nese ano configurouse o grupo con integrantes do Departamento de Psicoloxía Clínica e Psicobioloxía da USC e, en 2017, fusionouse coa Unidade de Adquisición da Linguaxe e Trastornos do Desenvolvemento, formándose un grupo interdepartamental, e situando o seu ámbito de interese no desenvolvemento normativo e disfuncional durante a etapa infanto-xuvenil.

¹ Recoñecemento outorgado pola Consellería de Cultura, Educación, Formación Profesional e Universidades a través do proceso de avaliación para acceder ás “Axudas para a consolidación e estruturación de unidades de investigación competitivas e outras accións de fomento nas universidades do SUG, nos organismos públicos de investigación de Galicia e noutras entidades do Sistema galego de I+D+i”.

Na actualidade, forma parte de UNDERISK persoal investigador das áreas de Personalidade, Avaliación e Tratamento Psicolóxico e de Psicoloxía Evolutiva e da Educación. En total, intégrano cinco investigadores/as permanentes (catedráticos/as, titulares), catro proesores/as axudantes doutores/as, e dúas investigadoras posdoutorais (unha delas, contratada ao abeiro do Programa Ramón y Cajal).

As liñas do grupo oriéntanse, especificamente, ao estudo lonxitudinal da saúde mental e o benestar en nenos, nenas e adolescentes, tanto da poboación xeral como de grupos vulnerables. Así mesmo, o grupo desenvolve ferramentas de identificación temperá e prevención de condutas de risco dirixidos á xente nova, ás súas familias e á comunidade educativa. Nesta liña, téñense establecido múltiples convenios con administracións, organizacións de intervención social e entidades privadas para adecuar a actividade de UNDERISK ás necesidades dos axentes sociais, e facerlles chegar os recursos de avaliación e intervención deseñados polo grupo.

- O grupo de [Avaliación e Tratamento das Adiccións, Trastornos Alimentarios, do Estado de Ánimo e Psicoloxía da Saúde](#) (Tratapsicolóxico; GI-1414) constituíuse en 1999. Actualmente o grupo está integrado por catro investigadores/as permanentes, unha profesora axudante doutora e dúas contratadas predoutorais. As liñas de investigación do grupo son o tratamento psicolóxico e a prevención das drogodependencias, o tratamento da co-morbilidade asociada ás condutas adictivas, a calidade de vida e o tratamento psicolóxico en enfermidades físicas crónicas, e a avaliación e tratamento dos trastornos depresivos e da conduta alimentaria. Un dos aspectos a subliñar é que este grupo conta coa **Unidade de Tabaquismo e Trastornos Adictivos** (registro sanitario; C-15-003130).
- Grupo de investigación [Neurociencia Cognitiva Aplicada e Psicoxerontoloxía](#) (NeuCogA-Aging; I-1807). Integra profesorado e persoal investigador dos Departamentos de Psicoloxía Clínica e Psicobioloxía, e Psicoloxía Evolutiva e da Educación. Neste momento está integrado por oito investigadores/as permanentes, tres profesores/as axudantes doutores/as e dúas investigadoras posdoutorais. Aborda liñas de investigación sobre o estudo dos correlatos condutuais, neuropsicolóxicos, psicofisiolóxicos (EEG/PEs), e de neuroimaxe (RMN, RMf, MEG), dos procesos cognitivos en poboacións sans e clínicas ao longo do ciclo vital; así como os efectos da intervención cognitiva, neuropsicolóxica e neuromodulatoria cerebral na mellora dos citados procesos e da dor crónica, todas elas liñas de investigación prioritarias nos ámbitos europeo, nacional e autonómico.

Varios membros do grupo participan na **Unidade de Psicoxerontoloxía** do Servizo de Psicoloxía da USC. O grupo participou como membro fundador da “Red Española de Neurociencia Cognitiva (RNCC)” e, posteriormente, da “Red de Excelencia de Aplicacións clínicas de la Neuroimagen Funcional”, financiadas polo MINECO; así como na “Rede de Fraxilidade” e a “Rede de Demencias”, financiadas pola Xunta de Galicia. Actualmente está representada na “Cognitive Frailty Interdisciplinary Network (CFIN)” do UK Research Institute, financiada pola “Global Partnership Award” (EUAgeNet).

- Grupo de investigación en **Neurociencia Cognitiva e Afectiva** (NECeA; GI-1806). Creouse como tal no ano 2000, no marco do Departamento de Psicoloxía Clínica e Psicobioloxía da USC. Agrupa a persoal investigador interesado polas bases neurais dos procesos cognitivos e afectivos en poboación normal e de alto risco, coa intención última de transferir coñecemento ao ámbito sanitario. Na actualidade está composto por oito investigadores/as permanentes e un investigador posdoutoral.

As súas principais liñas de investigación oriéntanse ao estudo dos efectos do consumo de alcohol en adolescentes, a súa repercusión a nivel académico; á caracterización do avellentamento neurocognitivo en poboación sa, e ao estudo da interacción entre procesos cognitivos e afectivos. O funcionamento neurocognitivo investígase mediante o rexistro da actividade eléctrica cerebral, a avaliación neuropsicolóxica e técnicas de neuroimaxe. Tamén se fai unha achega epidemiolóxica e se aplican outras técnicas grazas á colaboración con outros grupos. O grupo NECEA foi membro fundador e coordinador da "Red de Neurociencia Cognitiva" (RNCC), creada en 2005 e formada por 18 grupos de diferentes universidades españolas. Tamén promoveu a creación, en 2017, da rede de excelencia (MINECO) para a "Aplicación Clínica da Neuroimaxe Funcional" (ACLIMAGEN).

- Grupo de investigación **Procesos Cognitivos e Conduta** (PCC; GI-1842), constituído formalmente no ano 2002. Está integrado maioritariamente por persoal investigador do ámbito da psicoloxía experimental, pero conta tamén con especialistas en psicoloxía social e en lingüística (actualmente, sete investigadores/as permanentes, unha técnica superior de investigación e dúas investigadoras posdoutorais).

O foco da investigación está nos procesos psicolóxicos básicos, máis concretamente no estudo do procesamento, a emoción e o control cognitivo nos ámbitos da linguaxe, a memoria e a aprendizaxe humanas. A investigación sobre estes procesos abórdase fundamentalmente desde unha perspectiva experimental, a partir da observación e o rexistro condutual, e do rexistro da actividade electroencefalográfica (a través do uso da técnica dos potenciais evocados). Recentemente, o grupo ten estendido os seus marcos tradicionais máis alá da investigación básica, de laboratorio, incorporando unha liña sobre seguridade, saúde e benestar no traballo; e máis alá da propia disciplina, iniciando a colaboración con investigadores do CiTIUS na liña da lingüística computacional e da análise de riscos para a saúde mental a través do uso de ferramentas da intelixencia artificial.

- Ademais destes grupos, participan na iniciativa de creación do instituto algúns investigadores/as do grupo de investigación en **Comportamento Social e Psicometría Aplicada** (COSOYPA; GI-1456) cuxas temáticas de investigación teñen un forte aliñamento coa axencia científica que se propón para o IPsiUS (dous profesores/as permanentes, un profesor axudante doutor e unha contratada posdoutoral). Concretamente, a liña de investigación en psicoloxía política ten unha tradición de varias décadas, desenvolvendo proxectos competitivos a nivel nacional e europeo. Os intereses de investigación están centrados na análise dos procesos cognitivos e emocionais vinculados a comportamentos políticos colectivos, como o

populismo, o extremismo político, as accións de protesta, os movementos sociais, os conflitos violentos e a conduta de voto. Entre as súas metas primordiais inclúese a de acadar un profundo coñecemento dos procesos que promoven o cambio social de cara a favorecer comunidades máis equitativas, plurais e pacíficas.

O substrato científico do IPsiUS inclúe, pois, tanto investigación de corte básico como investigación de carácter aplicado, que, cun desenvolvemento conxunto e coordinado, poderán ofrecer coñecemento e recursos de maior impacto. A acción colaborativa do IPsiUS pretende tamén un maior desenvolvemento do potencial de transferencia que albergan os grupos, un enriquecemento da súa armazón formativa e un mellor posicionamento na comunidade científica. O traballo conxunto entre persoal investigador sénior e júnior e as posibilidades de atraer persoal novo e cualificado permitirán, ademais, dar o impulso necesario para acometer con eficacia o relevo xeracional.

En xeral, o traballo dos grupos promotores do IPsiUS mostra que a psicoloxía representa unha área de traballo versátil, que atende ás dimensións individual e social, mediante o uso de métodos diversos (experimentais, correlacionais, cuantitativos, cualitativos), con proxeccións tanto nas ciencias sociais como da saúde, e con capacidade para avanzar tanto en clave global como local. Por todo isto, o IPsiUS pretende crear un contorno dinámico e flexible, capaz de entenderse con outras disciplinas e centros de investigación. A Psicoloxía ten mostrado xa a súa relevancia en situacións críticas ao longo da historia do último século (incluíndo a pandemia por mor da COVID-19). Nun contexto que esixe da ciencia a máxima responsabilidade, a proposta do IPsiUS ven avalada polas capacidades adquiridas ao longo de décadas polos grupos promotores que, utilizando eficientemente o seu capital humano e técnico, xa teñen acadado resultados científicos moi considerables. O IPsiUS pretende agora afrontar desafíos máis ambiciosos nunha sociedade cambiante, en consonancia coas prioridades das estratexias autonómicas, estatais e internacionais nas que se enmarca esta proposta.

1.2. Capacidades dispoñibles

Como instituto de nova creación, a análise das capacidades dispoñibles susténtase no equipo que promove esta iniciativa, no coñecemento e experiencia que este atesoura -con base na súa actividade investigadora-, así como nas infraestruturas dispoñibles e instalacións previstas para a localización do Instituto.

Equipo

O equipo científico (Táboa 1) é o principal activo do IPsiUS que, para a súa creación conta con **49 investigadores e investigadoras vinculados (33 mulleres e 16 homes)**, dos que na actualidade 26 son investigadores e investigadoras principais (15 mulleres e 11 homes).

De acordo co marco de carreira investigadora na Universidade de Santiago de Compostela, en aplicación do modelo impulsado pola Comisión Europea²; por categorías (Figura 1), o elenco investigador está formado por 32 investigadores e investigadoras consolidados, que contan cunha posición permanente (cátedras, profesorado titular ou contratado doutor) e 1 catedrático emérito; xunto a eles, o colectivo de persoal investigador posdoutoral e profesorado axudante doutor está formado por 16 persoas. A este equipo hai que engadir ademais outras figuras como: o persoal investigador en formación (17), o persoal técnico superior de investigación (2) e o persoal investigador colaborador (9 persoas).




Figura 1: Equipo científico do IPsiUS

En canto ao seu perfil disciplinar, o persoal investigador que conforma o IPsiUS está ligado, principalmente, aos ámbitos da **psicobioloxía** (15); **psicoloxía evolutiva e da educación** (13) e **personalidade, avaliación e tratamentos psicolóxicos** (11). Ademais, conta con integrantes das áreas de **psicoloxía básica** (4), **psicoloxía social** (3), **metodoloxía das ciencias do comportamento** (2); e **filoloxía inglesa** (1).

Táboa 1. Persoal investigador vinculado ao IPsiUS

NOME	CATEGORIA
Acuña Fariña, Juan Carlos	Catedrático universidade
Alzate García, Mónica	Profesora titular universidade
Amenedo Losada, María Elena	Profesora titular universidade
Arce Fernández, Constantino	Catedrático universidade
Becoña Iglesias, Elisardo	Catedrático universidade
Cadaveira Mahía, Fernando	Catedrático universidade
Campos Magdaleno, María	Profesora Axudante doutora

² Ver [Towards an European Framework for Research Careers](#)

NOME	CATEGORIA
Carrillo de la Peña, María Teresa	Catedrática de universidade
Cid Fernández, Susana	Profesora Axudante doutora
Corral Varela, María Montserrat	Profesora titular universidade
Correa Jaraba, Kenia Shaily	Persoal investigador contratado posdoutoral
Cutrín Mosteiro, Olalla	Profesora Axudante doutora
Díaz Fernández, Fernando	Catedrático universidade
Doallo Pesado, Sonia	Profesora titular universidade
Dono Martín, Marcos	Profesor Axudante doutor
Dosil Díaz, Carlos	Profesor Axudante doutor
Facal Mayo, David	Profesor titular universidade
Fernández Rey, José	Profesor titular universidade
Fraga Carou, Isabel	Catedrática universidade
Galdo Álvarez, Santiago	Profesor titular universidade
Gómez Fraguela, Xosé Antón	Profesor titular universidade
Jiménez García, Luis Miguel	Catedrático universidade
Lindín Novo, Mónica	Profesora titular universidade
Lojo Seoane, Cristina	Profesora contratada doutora
López Durán, Ana	Profesora titular universidade
López Romero, Laura	Investigadora Ramón y Cajal
Mallo López, Sabela Carmen	Profesora Axudante doutora
Maneiro Boo, Lorena	Persoal investigador contratado posdoutoral
Martínez López, Zeltia	Profesora Axudante doutora
Martínez Regueiro, Rocío	Investigadora Margarita Salas
Martínez Vispo, Carmela	Profesora Axudante doutora
Mayo Pais, María Emma	Profesora Axudante doutora
Míguez Varela, María del Carmen	Profesora titular universidade
Montes Piñeiro, Carlos	Profesor contratado doutor
Ogneva, Anastasia	Profesora Axudante doutor
Páramo Fernández, María Fernanda	Profesora titular universidade
Pazo Alvarez, Paula	Profesora titular universidade
Pereiro Rozas, Arturo José	Profesor titular universidade
Pérez Pereira, Miguel	Catedrático de universidade emérito
Rodríguez González, María Soledad	Profesora titular universidade
Rodríguez Holguín, Socorro	Profesora titular universidade
Rodríguez Salgado, Dolores	Profesora contratada doutora
Romero Triñanes, Estrella	Catedrática universidade
Sa Leite Dias, Ana Rita	Persoal investigador contratado posdoutoral
Suárez Suárez, Samuel	Investigador Margarita Salas
Tinajero Vacas, Carolina	Profesora titular universidade
Vázquez Rodríguez, María Isabel	Profesora titular universidade
Villar Torres, Paula	Profesora titular universidade
Zurrón Ocio, Montserrat	Profesora titular universidade

Actividade de I+D e resultados acadados

Previamente á creación do IPsiUS, o equipo investigador que o promove estaba organizado nos grupos de investigación mencionados no apartado de Antecedentes, e que se recollen na Táboa 2. A traxectoria e o desempeño acadado por estes grupos no período 2018 – 2022 amosan a capacidade e o potencial científico desta disciplina na USC, máxime considerando o recoñecemento que ostentan todos eles como grupos de referencia competitiva ou potencial de crecemento no cadro das “Axudas para a consolidación e estruturación de unidades de investigación competitivas e outras accións de fomento nas universidades do SUG, nos organismos públicos de investigación de Galicia e noutras entidades do Sistema galego de I+D+i” da Consellería de Cultura, Educación, Formación Profesional e Universidades da Xunta de Galicia”.

Táboa 2. Grupos de investigación de orixe do persoal investigador adscrito ao IPsiUS

Código	Nome	GRC/GPC	Dirección
GI-1414	TRATAPSICOLÓXICO: Avaliación e tratamento das adiccións, trastornos alimentarios, do estado de ánimo e psicoloxía da saúde	GPC 2019/2022 e 2022/2024	Elisardo Becoña
GI-1416	UNDERISK: Unidade de investigación das conductas de risco e os trastornos no desenvolvemento	GRC 2018/2022 e 2022/2025	Estrella Romero
GI-1806	NECEA: Grupo de Investigación en Neurociencia Cognitiva e Afectiva.	GRC 2017/2021 e 2021/2024	Fernando Cadaveira
GI-1807	NEuCoA-Aging: Neurociencia Cognitiva Aplicada e Psicoxerontoloxía	GRC 2017/2021 e 2021/2024	Fernando Díaz
GI-1842	Procesos Cognitivos e Conduta	GPC 2019/2022 e 2022/2024	Isabel Fraga
GI-1456	COSOYPA: Comportamento Social e Psicometría Aplicada	GPC 2018/2022 e 2022/2024	José Manuel Sabucedo ³

Captación de fondos para I+D e transferencia

No período 2018-2022, o volume de recursos captados por actividade de I+D e transferencia ascendeu a un total de 2,45 M€ procedentes, case na súa totalidade, de convocatorias competitivas para a realización de proxectos de investigación e que representan o 95% dos fondos obtidos (Táboa 3, Figura 2). A este importe hai que engadirle 1,5 M€ adicionais captados a través do Programa de Consolidación, fondos que, aínda que non van dirixidos directamente a actividade de I+D, proporcionan recursos complementarios para o desenvolvemento dos proxectos.

Horizon e o Plan Estatal⁴ son as principais fontes de recursos – 93% do total captado- o que proba o elevado nivel de desempeño e potencial científico do colectivo que impulsa o IPsiUS. O incremento da participación en proxectos internacionais, partindo da experiencia dos proxectos “HEI Consortium INnoVation and ENTrepreneurship in HEIs (INVENTHEI)” e “Pain relief in palliative care of cancer using home-based neuromodulation and predictive biomarkers (PAINLESS)”, será un dos obxectivos prioritarios do instituto na súa etapa inicial.

³José Manuel Sabucedo non figura na relación de investigadores adscritos porque o grupo COSOYPA está integrado no CRETUS, aínda que parte do seu persoal investigador participa na iniciativa do IPsiUS.

⁴ Plan Estatal de Investigación Científica, Técnica y de Innovación

Polo que respecta á actividade de transferencia, no período considerado captáronse preto de 100.000 €, o que representou o 5% do volume de fondos captados. As administracións públicas figuran como principal cliente, con 94.000 € achegados a través de convenios.

Táboa 3. Fondos captados para I+D e transferencia por orixe (importe e porcentaxe)

Tipo	Orixe	Total (€)	Total (%)
Convocatorias competitivas	Proxectos europeos	1.016.073 €	41,47%
	Proxectos estatais	1.284.605 €	52,43%
	Proxectos autonómicos	32.378 €	1,32%
Contratos e convenios	Contratos Empresas	1.019 €	0,04%
	Contratos AAPP e entidades	94.411 €	3,85%
	Servizos xerais	3.655 €	0,15%
Axudas USC á I+D	Axudas USC á I+D	17.864 €	0,73%
Total		2.450.005 €	




Figura 2. Fondos captados para I+D e transferencia por orixe

Producción científica

Como amosa a Táboa 4, no período 2018-2022 o equipo promotor do IPsiUS rexistra un total de 285 publicacións en revistas indexadas -principalmente artigos científicos (90,2%)-. O 51% da produción científica publicouse en revistas Q1, e o 21% en revistas D1. A análise da evolución anual destes datos amosa unha tendencia positiva neste período -especialmente no relativo ao volume de publicacións, que observa un incremento significativo.

Sobre o total do quinquenio, as publicacións en acceso aberto representan un 62,5% e as realizadas en colaboración internacional un 42,5%.

No que se refire á repercusión, as publicacións do equipo do IPsiUS recibiron unha media de 9,72 citas por publicación. Cabe destacar ademais que nos principais ámbitos temáticos de publicación, Psiquiatría e Psicoloxía (44%) e Neurociencias e Comportamento (16,5%), o impacto normalizado⁵ atópase por encima da media mundial en tres dos catro anos para os que se dispón de datos.

Como se vén destacando ao longo desta sección, estes datos amosan que existe potencial científico do proxecto, xa que é de esperar que este nivel de desempeño se vexa favorecido polas sinerxías derivadas da creación do IPsiUS. A información que se achega na sección 1.4, comparando os datos do IPsiUS con centros de referencia, confirmará esta valoración.

Táboa 4. Producción científica do equipo promotor do IPsiUS no período 2018-2022

	2018	2019	2020	2021	2022	Total
Publicacións						Total
Nº total	44	48	64	64	65	285
						Media
% en revistas Q1	43,2%	58,3%	48,4%	50,0%	55,4%	51,2%
% en revistas D1	18,2%	27,1%	18,8%	17,2%	24,6%	21,1%
Citas por publicación	17,80	14,08	12,02	6,14	2,29	9,72
Impacto normalizado						
Psiquiatría/Psicoloxía	0,69	1,29	1,00	1,44		
Neurociencia/Comportamento	1,85	1,04	0,68	1,05		
Medicina clínica	0,86	1,18	0,63	0,63		
Ciencias Sociais	0,80	0,76	0,96	1,11		

Fonte: *Elaboración propia a partir do informe "Avaliación comparativa do IPsiUS 2018-2022"*

Perfil da actividade de transferencia

A actividade de transferencia é un dos aspectos a potenciar coa creación do Instituto. Como se indica na axenda científica, os campos de investigación do

⁵ O impacto normalizado mide o grao de citación das publicacións en comparación con outras similares, tendo en conta o ano de publicación, o tipo de documento e o campo científico da revista de orixe. Un valor superior a 1 significa que o documento é máis citado do previsto segundo o promedio mundial dos seus pares.

IPsiUS atenden a un amplo abano de problemas aos que se pode dar resposta a través da prestación de servizos psicosociais ou do desenvolvemento de ferramentas e recursos para o diagnóstico e a intervención psicolóxica, entre outros.

Como exemplo de resultados transferidos, cabe destacar diferentes protocolos e produtos de avaliación e intervención que se atopan rexistrados: o videoxogo de adestramento cognitivo para adultos maiores en risco de demencia "Tras la huella del tiempo", o protocolo de avaliación da fragilidade cognitiva, o programa 'OnMente' para a estimulación cognitiva en adultos maiores ou o protocolo informatizado de 'Valoración do Risco de Menores Infractores' (VRAI).

Ademais, cóntase con experiencia na organización e prestación de servizos sociosanitarios como, por exemplo:

- A Unidade de Psicoxerontoloxía, responsable do servizo de atención ás dificultades da memoria do Concello de Boimorto e do programa "Coñecendo a miña mente", unha iniciativa de intervención e promoción da saúde cognitiva para adultos maiores financiado pola Fundación ABANCA.
- A Unidade de Tabaquismo e Trastornos Adictivos, que é un referente a nivel nacional e internacional no tratamento psicolóxico cognitivo-condutual para deixar de fumar. A súa creación parte do "Programa para deixar de fumar" e, dende 1984, deu servizo a máis de 15.000 fumadores, proporcionou formación a profesionais, realizou informes e estudos para outras administracións, etc. Ademais, a unidade ampliou os tratamentos a outras adicións como xogo patolóxico, drogadiccións, así como á comorbilidade asociada a estes trastornos (depresión, ansiedade, trastornos da alimentación, etc.).

Másteres e formación doutoral

Como parte do seu labor docente, o equipo promotor do IPsiUS participa nas seguintes actividades de formación de posgrao e doutoramento:

- Másteres universitarios en Psicoloxía, Psicoloxía Xeral Sanitaria, Neurociencias e Psicoxerontoloxía (os dous últimos de carácter interuniversitario).
- Programa de doutoramento en Neurociencia e Psicoloxía Clínica: é un programa interuniversitario entre as tres universidades do SUG; cabe destacar ademais a súa dimensión internacional, xa que forma parte da 'Network of European Neuroscience Schools' (NENS)⁶.
- Programa de doutoramento en Procesos Psicolóxicos e Comportamento Social, entre cuxo profesorado se atopan investigadores/as dos ámbitos da Psicoloxía Social e da Psicoloxía Experimental.
- Programa de doutoramento en Desenvolvemento psicolóxico, Aprendizaxe e Saúde. Trátase dun programa interuniversitario no que participan investigadores/as das universidades de A Coruña e Santiago de Compostela.

⁶ <https://www.usc.gal/gl/estudos/doutoramentos/ciencias-saude/programa-doutoramento-neurociencia-psicologia-clinica>

No período 2018-2022 dirixíronse un total de 52 teses, como amosa a Táboa 5. Este indicador crece de forma sostida ao longo do período, pasando de 6 a 14 traballos dirixidos. Unha vez rematada a etapa predoutoral, é habitual que estas persoas continúen a súa formación posdoutoral noutros centros nacionais e internacionais, o que representa unha oportunidade de cara a ampliación da rede científica do instituto.

Táboa 5. Teses doutorais dirixidas no período

	2018	2019	2020	2021	2022	Total
Teses dirixidas	6	7	10	15	14	52

Recoñecementos e outros méritos

A calidade e relevancia da investigación que desenvolve o equipo promotor do IPsiUS foi recoñecida coa obtención das seguintes distincións dende 2018:

Premios de investigación:

- Ana Rita Sá Leite Dias recibiu o "Premio SEPEX de Difusión de Traballos de Investigación para xoves investigadores" da convocatoria 2019-2020, concedido pola Sociedade Española de Psicoloxía Experimental (SEPEX) ao proxecto de investigación: "De murciélagos y mesas, o cómo reacciona el cerebro a la animacidad en múltiples tareas" e outorgado oficialmente durante o XIII Congreso SEPEX celebrado do 5 ao 7 de maio de 2022.
- Laura López Romero e Estrella Romero Triñanes recibiron o "Premio de investigación RPCNA 2020: Primer premio a la investigación en evaluación, psicopatología y tratamiento psicológico infanto-juvenil" pola publicación "Bidirectional effects between psychopathic traits and conduct problems in early childhood: Examining parenting as potential mediator", publicado en 2020 na Revista de Psicología Clínica con Niños y Adolescentes.
- José Fernández Rey obtivo o "Behavioral Neuroscience Award 2018" ao mellor artigo en neurociencia conductual pola publicación: "Preventing the return of fear memories with postretrieval extinction: A human study using a burst of white noise as an aversive stimulus", publicado na revista Behavioral Neuroscience en 2018.
- María del Carmen Míguez Varela obtivo as seguintes distincións: "Premio Fundación Lafourcade Ponce al Bienestar Social 2018 en la categoría intervención", "Mejor artículo de tesis doctoral en salud mental reproductiva-perinatal" otorgado na I Edición dos "Premios á investigación en saúde mental reproductiva e perinatal MARES", en 2021.
- Olalla Cutrín Mosteiro recibiu, en 2023, o "Premio Xoán Vicente Viqueira da Deputación da Coruña" polos seus estudos sobre prevención e cultura.

Premios a traballos presentados en congresos e xornadas científicas:

- Carmela Martínez Vispo recibiu o "Rising Star Award of the European Society for Prevention Research", "for her contribution to the field of which demonstrate potential to be sustained over the long term and with relevance for Europe", no marco da Society Annual Meeting en la 14th EUSPR Conference, celebrado en Sarajevo en Octubre de 2023.
-
- Lucía Vieitez Portas, Isabel Padrón Rodríguez, Carlos Acuña Fariña e Isabel Fraga Carou recibiron o "3º premio ao mellor póster" no "XVI International Symposium of Psycholinguistics", celebrado en Vitoria en maio de 2023, polo traballo titulado "When unpleasantness meets feminines: a behavioral study on gender agreement and emotionality".
- Laura López-Romero, Olalla Cutrín Mosteiro e Estrella Romero Triñanes, obtiveron o "Premio a la mejor comunicación oral de las XI Jornadas de la Asociación Iberoamericana para la Investigación de las Diferencias Individuales (AIIDI)" en 2022 polo traballo "Co-developmental trajectories of child behavioral and emotional problems".
- David Facal formou parte do equipo que obtivo o "Premio á mellor contribución" no "19th International Conference on Computational Science and its Applications" (ICCSA 2019) celebrado en San Petesburgo, polo traballo titulado "A machine learning ensemble-of-classifiers based approach for early diagnosis of Alzheimer's disease".
- Olalla Cutrín Mosteiro, Lorena Maneiro Boo, e Xosé Antón Gómez Fraguela obtiveron o "Premio al mejor póster" en las "VIII Jornadas de la Asociación Iberoamericana para la Investigación de las Diferencias Individuales (AIIDI)", celebradas en 2019, polo traballo titulado "Identidad moral, desconexión moral y tríada oscura de la personalidad en agresores sexuales y maltratadores de género".
- Laura López Romero, Paula Villar Torres e Estrella Romero Triñanes obtiveron no "4th International Congress of Clinical and Health Psychology on Children and Adolescents", celebrado en 2018, o premio á mellor investigación en colaboración internacional polo traballo titulado "Psychopathic traits in childhood: Examining distinctive configurations and profiles".
- Laura López Romero e Estrella Romero Triñanes recibiron o "Premio al mejor póster" en las "VII Jornadas de la Asociación Iberoamericana para la Investigación de las Diferencias Individuales (AIIDI)", celebradas en 2018, polo traballo titulado "El efecto protector de las habilidades de regulación emocional sobre la aparición de dificultades internalizantes y externalizantes en la etapa preescolar".

Participación editorial en revistas científicas

- Carlos Acuña é editor asociado de “Language Sciences”, sección de “Frontiers in Psychology” e “Frontiers in Communication”, membro do conxunto editorial da “Revista Alicantina de Estudos Ingleses” e editor do Selo de Calidade USC Editora.
- Elisardo Becoña é editor asociado das revistas “Journal of Addiction”, “BMC Public Health” e “International Journal of Environmental Research and Public Health”.
- Fernando Cadaveira é editor asociado de "Psychology, Society & Education" e "The International Journal of Psychology and Neuroscience".
- Sonia Doallo e Laura López-Romero son editoras asociadas de "Spanish Journal of Psychology".
- David Facal é editor asociado de “Frontiers in Psychology” (Psychology of Aging, Health Psychology).
- Isabel Fraga é asesora da revista “Escritos de Psicología”, da Universidade de Málaga, editora asociada da revista Psicológica (revista da Sociedade Española de Psicología Experimental) e review editor da revista “Frontiers in Psychology”.
- Luis Jiménez é consulting editor de “Journal of Experimental Psychology: Learning, Memory, and Cognition” e de “Journal of Experimental Psychology: Human Perception and Performance”, e review editor de “Frontiers in Psychology (Cognition)”.
- Arturo X. Pereira é editor asociado de “Journal of Alzheimer’s Disease” e “Frontiers in Psychology” (Psychology for Clinical Settings)
- Miguel Pérez Pereira é co-editor da “Revista de Logopedia, Foniatría y Audiología”.

Rede científica

A través dos proxectos de investigación, actividades de formación e iniciativas de mobilidade do persoal investigador, o equipo promotor do IPsiUS conta con socios e contactos en numerosas entidades de investigación en Psicoloxía, e participa en foros e redes de referencia desta disciplina e dos seus ámbitos de proxección. Ademais, cabe destacar as colaboracións con outros institutos ou grupos da propia USC e do Instituto de Investigación Sanitaria de Santiago de Compostela (IDIS) para o desenvolvemento de proxectos interdisciplinares. Estas relacións servirán de base para consolidar a rede científica do IPsiUS de cara a promover a actividade investigadora e de transferencia, impulsar a internacionalización do instituto, atraer talento, etc. Entre estas entidades e iniciativas cabe destacar as que se indican na Táboa 6 (páxina seguinte).

Infraestruturas

No momento da elaboración deste plan, está en marcha o proceso de aprobación da asignación de espazos para dotar dunha sede ao instituto na Facultade de Psicoloxía.

Táboa 6. Principais integrantes da rede científica do IPSiUS

País / Territorio	Entidades, grupos de investigación e Iniciativas
España	<p>USC</p> <p>Unidades de investigación: Centro Singular de Investigación en Medicina Molecular e Enfermidades Crónicas (CIMUS) Centro Singular de Investigación en Tecnoloxías Intelixentes (CITIUS) Centro Interdisciplinar de Investigación en Tecnoloxías Ambientais (CRETUS) Instituto da Lingua Galega (ILG)</p> <p>Grupos de investigación: Grupo de Investigación en Patología Oral Médico Quirúrgica, Gerodontología, Biomateriales e Innovación Tecnológica Grupo Creación de valor sostenible en las organizaciones Grupo Epidemioloxía, Saúde Pública e Avaliación de servizos de Saúde</p>
	<p>Galicia</p> <p>AtlanTTic (Universidade de Vigo) Axencia Galega de Coñecemento en Saúde (ACIS) Fundación Galega de Medicina Xenómica Instituto de Investigación Sanitaria de Santiago (IDIS) REGIDEM: Red Gallega de Investigación en Demencias FRILNET Red de Fragilidad English Linguistics Circle (ELC)</p>
	<p>Resto de España</p> <p>Centro de Neurociencia Cognitiva y Computacional (C3N) de la Universidad Complutense de Madrid. Red Española de Estimulación Cerebral Spanish Consortium for Ageing Normative Data (SCAND) Grup d'innovació pero l'aprenentage de l'estadística en salut (Universitat de Barcelona)</p>
Australia	CHeBA: Centre for Healthy Brain Ageing, (University of New South Wales)
Bélxica	Department of Special Needs Education (Ghent University) Psychological Science Research Institute (Université catholique de Louvain)
Canadá	Centre de recherche de l'Institut Universitaire de Gériatrie de Montréal Hotchkiss Brain Institute (University of Calgary)
Chipre	Developmental Psychopathology Lab (University of Cyprus)
EEUU	Cognitive Neuroscience Division (University of Columbia) Global Center for Applied Health Research (University of Arizona) UPENN Eden Lab (University of Pennsylvania)
Países Baixos	Dr. Merike Verrijp del Alzheimer Center (Amsterdam University Medical Center) Vrije Universiteit University Medical Center
Portugal	CIPsi: Centro de Investigaçao en Psicologia Facultade de Engenharia e The Competences Centre on Active and Healthy Ageing, Porto4Ageing (Universidade de Porto) Grupo de investigación en Psicolingüística (Universidade do Minho)
Suecia	Örebro Universitet
Reino Unido	Cognitive Frailty Interdisciplinary Network
Unión Europea	PDWAVES
Mundial	ISTAART (International Society to Advance Alzheimer's Research and Treatment, Alzheimer's Association). Personality Development Collaborative The CPTI Network for the study of Child Problematic Traits Cross-cultural Consortium in Pediatric Irritability

1.3. Contexto para a investigación nos eidos da psicoloxía e áreas afíns

Oportunidades de acceso a financiamento basal

A viabilidade do IPsiUS para operar en condicións de estabilidade durante un período plurianual e avanzar cara os obxectivos de posicionamento, que se fixan no apartado 3, está supeditada a consecución de financiamento basal que permita desenvolver as estratexias científica e institucional.

Para o pleno desenvolvemento do proxecto, as achegas da USC (salarios, espazos, etc.) necesitan ser complementadas con outras fontes dirixidas á financiación de estruturas de investigación como, por exemplo: as axudas ás “Unidades de excelencia María de Maeztu” do Plan Estatal de Investigación Científica, Técnica e de Innovación 2021-2023⁷ ou as “Axudas para a estrutura, mellora e apoio aos centros de investigación do Sistema universitario de Galicia”, da Consellería de Cultura, Educación, Formación Profesional e Universidades da Xunta de Galicia⁸.

En xeral, o acceso a estes programas está supeditado a requisitos de excelencia científica, masa crítica ou captación de recursos difíciles de acadar para un centro de nova creación polo que, nos primeiros anos, o IPsiUS enfocará os esforzos á captación de recursos económicos para as distintas actividades que ten que desenvolver e que lle permitirán avanzar cara ao perfil requirido polos devanditos programas de financiamento basal.

Oportunidades de acceso a outros recursos económicos

As oportunidades de acceso a financiación para o desenvolvemento das actividades habituais dun centro de investigación (desenvolvemento de proxectos, captación de talento, adquisición de equipos, formación, divulgación e comunicación) están influídas por:

- O aliñamento entre a axenda científica do instituto e as prioridades das estratexias políticas – tanto transversais como relacionadas coa actividade do IPsiUS- que enmarcan programas de I+D+i, ou posibilitan a activación de liñas de financiamento en innovación ou a contratación de servizos das universidades.
- O aliñamento entre a axenda científica do instituto e as temáticas dos programas de financiamento de I+D+i como, por exemplo: a “Estrategia Española de Ciencia, Tecnología e Innovación 2021-2027” ou Horizon Europe.

De cara a determinar se a actividade do IPsiUS se desenvolverá nun contexto de oportunidade para acceder a recursos económicos, analizouse o aliñamento das

⁷ [Unidades de Excelencia María de Maeztu 2023](#)

⁸ [Borrador de convocatoria para 2023 das axudas para a estrutura, mellora e apoio aos centros de investigación do Sistema universitario de Galicia.](#)

temáticas de investigación do equipo promotor coas seguintes estratexias e programas de financiamento:

- RIS 3 Galicia 2021-2027⁹: a estratexia de especialización intelixente define as prioridades e os obxectivos aos que se enfocará a actividade de I+D+i financiada pola Xunta de Galicia con fondos estruturais europeos. Supón que todas as convocatorias que se nutren destes fondos incluírán nos criterios de avaliación o aliñamento entre a proposta presentada e as prioridades da RIS 3. As axudas á I+D+i da Xunta de Galicia¹⁰ abranguen distintas actividades de interese para o IPsiUS: contratación de persoal, proxectos de investigación colaborativos, creación de unidades mixtas de investigación, entre outros. As temáticas de envellecemento saudable, intervención psicolóxica en procesos de enfermidade e coste-eficiencia na intervención psicolóxica presentan unha alta proximidade con múltiples liñas da RIS3. Outros temas abordados polo IPsiUS, como condutas de risco e adicións, ferramentas dixitais (e-health) para a avaliación e intervención psicolóxica, ou fendas dixitais e lingüísticas encaixan tamén nas prioridades desta estratexia, o que supón unha oportunidade de acceso ás convocatorias da Xunta. Para as áreas non cubertas será preciso priorizar outras fontes de recursos.

Na Táboa 7 indícanse as temáticas de investigación do IPsiUS que atenden os retos e prioridades desta estratexia.

Táboa 7. Aliñamento entres as temáticas de investigación do IPsiUS e a RIS3Galicia

	Envellecemento saudable	Intervención en procesos de enfermidade	Conductas de risco e adicións	Vulnerabilidade psicosocial e resiliencia	Equidade e diversidade	Sociedade cambiante	Ferramentas dixitais (e-health) para aval. e interv. psicolóxica	Coste-eficiencia da prevención e intervención psicolóxica	Fendas dixitais e lingüísticas	Procesos cognitivos e afectivos
RIS 3 Galicia 2021-2027										
Reto 3: Novo modelo de vida saudable baseado no envellecemento activo										
Prioridade 2: Dixitalización										
Saúde dixital							●	●	●	
Xerontotecnoloxías	●						●		●	
Prioridade 3: Enfoque cara as persoas										
Alimentación humana saudable e funcional	●	●						●		
Deporte para a promoción da autonomía persoal e a calidade de vida	●	●	●					●		
Medicina de prevención, rexenerativa e de precisión	●	●	●					●		

⁹ [RIS 3 Galicia 2021-2027](#)

¹⁰ [Mapa de apoios á I+D+i da Xunta de Galicia 2023](#)

- O Plan de Saúde Mental de Galicia posCovid-19¹¹, que conta cun investimento de 83 millóns de euros, establece para o período 2020-2024, 98 proxectos dirixidos á prevención da aparición de problemas de saúde mental na poboación galega e a establecer melloras na asistencia sociosanitaria ás persoas que padecen un trastorno mental. O seu interese para o IPSiUS radica en que contempla o incremento na cobertura dos programas de intervención comunitaria dirixidos a persoas con trastorno mental grave a través de programas de intervención comunitaria. Oito dos dez eixos da axenda científica do instituto están aliñados con este plan, o que representa unha oportunidade principalmente para potenciar as actividades de transferencia, pola vía dos servizos de intervención.

Na Táboa 8 indícanse as temáticas de investigación do IPSiUS relacionadas coas liñas deste plan.

Táboa 8. Aliñamento entres as temáticas de investigación do IPSiUS e o Plan de Saúde Mental de Galicia posCovid-19

	Envellecemento saudable	Intervención en procesos de enfermidade	Condutas de risco e adicións	Vulnerabilidade psicosocial e resiliencia	Equidade e diversidade	Sociedade cambiante	Ferramentas dixitais (e-health) para aval. e interv. psicolóxica	Coste-eficiencia da prevención e intervención psicolóxica	Fendas dixitais e lingüísticas	Procesos cognitivos e afectivos
Plan de saúde mental de Galicia poscovid 19. Período 2020-2024										
Eixo 2: A recuperación como meta										
2.1. Atención ao trastorno mental grave				●			●			
2.2. Intervir para e na comunidade			●	●				●		
2.3. Mellorar a atención a persoas con depresión							●			
2.4. Favorecer o acceso aos tratamentos e evitar a cronificación			●				●	●		
2.5. Mellorar a atención a paciente psicoxerátrico complexo	●				●		●		●	
2.7. Mellorar a saúde física de persoas con trastorno mental		●					●			
Eixo 4: Saúde mental na infancia e na adolescencia										
4.1. Previr e identificar os trastornos mentais precozmente na infancia e na adolescencia			●	●	●		●	●		
4.2. Implantar novos programas de atención ao trastorno mental grave infanto-xuvenil				●			●			

¹¹ [Plan de saúde mental Galicia posCovid-19](#)

Ademais do Plan de Saúde Mental de Galicia posCovid-19, outras estratexias que abren campos de oportunidade para o IPsiUS son, por exemplo, a “Estrategia nacional sobre adicciones 2017-2024”¹², que proporciona o marco de actuación para o desenvolvemento das políticas sobre adiccions do Goberno de España, das Administracións Autonómicas e das entidades locais. Esta estratexia desenvólvese actualmente a través do “Plan de Acción sobre adicciones 2021-2024”¹³, que conta con catro ámbitos de actuación: “Prevención y reducción del riesgo”, “Atención integral y multidisciplinar”, “Reducción de daños” e “Incorporación social”. Para cada un deles contémpanse accións e actividades nas que o IPsiUS conta con amplas capacidades.

A “Estrategia Española de Ciencia, Tecnología e Innovación 2021-2027”¹⁴ da que emana o “Plan Estatal de Investigación Científica, Técnica e Innovación 2021-2023”¹⁵. Todos os ámbitos de investigación que sustentan o programa científico do IPsiUS axústanse ás liñas desta estratexia, particularmente, ás liñas de “Salud”, “Cultura, creatividad y sociedad inclusiva” y “Seguridad para la sociedad”. Na Táboa 9 indícanse as temáticas de investigación do IPsiUS que atenden liñas desta estratexia.

Táboa 9. Aliñamento entre as temáticas de investigación do IPsiUS e a “Estrategia Española de Ciencia, Tecnología e Innovación 2021-2027”

	Envellecemento saudable	Intervención en procesos de enfermidade	Condutas de risco e adiccions	Vulnerabilidade psicosocial e resiliencia	Equidade e diversidade	Sociedade cambiante	Ferramentas dixitais (e-health) para aval. e interv. psicolóxica	Coste-eficiencia da prevención e intervención psicolóxica	Fendas dixitais e lingüísticas	Procesos cognitivos e afectivos
Estrategia Española de Ciencia Tecnología e Innovación 2021 -2027										
Línea: Salud										
Sublínea: Cáncer y gerociencia. Envejecimiento, enfermedades degenerativas										
Impacto del envejecimiento en la enfermedad	●	●								
Factores psicosociológicos en el envejecimiento saludable	●			●	●				●	
Sublínea: Nuevas técnicas diagnósticas y terapéuticas										
Nuevas técnicas diagnósticas basadas en imagen	●	●	●							

¹² [Estrategia nacional sobre adicciones 2017-2024](#)

¹³ [Plan de Acción sobre adicciones 2021-2024](#)

¹⁴ [Estrategia Española de Ciencia, Tecnología e Innovación 2021-2027](#)

¹⁵ [Plan Estatal de Investigación Científica, Técnica e Innovación 2021-2023](#)

	Envellecemento saudable	Intervención en procesos de enfermidade	Condutas de risco e adicións	Vulnerabilidade psicosocial e resiliencia	Equidade e diversidade	Sociedade cambiante	Ferramentas dixitais (e-health) para aval. e interv. psicolóxica	Coste-eficiencia da prevención e intervención psicolóxica	Fendas dixitais e lingüísticas	Procesos cognitivos e afectivos
Sublínea: Medicina de precisión										
Aspectos psicolóxicos		●								
Medicina personalizada en cancro, enfermidades raras, saúde mental e outras patoloxías		●								
Sublínea: Investigación en adicións										
Investigación en prevención, redución do dano e tratamento de las adicións			●				●	●		
Investigación de los trastornos de juego (prevención, efectos e riesgos asociados)			●				●	●		
Línea: Cultura, creatividade e sociedade inclusiva										
Sublínea: Cognición, lingüística e socioloxía										
Adquisición do idioma e su procesamento					●				●	●
Neurociencia cognitiva e psicoloxía experimental en bilingüismo e multilingüismo					●				●	●
Línea: Seguridade para a Sociedade										
Sublínea: Dimensión espacial das desigualdades, migracións e multiculturalidade										
					●	●				

- Finalmente, no cadro de Horizon Europe¹⁶, a excepción de procesos psicolóxicos básicos, as restantes temáticas teñen encaixe nos tres clústeres equivalentes ás liñas indicadas na estratexia estatal: “*Health*”, “*Culture, Creativity and Inclusive Society*” e “*Civil security for society*”. Na Táboa 10 indícanse as temáticas de investigación do IPsiUS relacionadas coas prioridades deste programa (Táboa 10, páxina seguinte).

No ámbito europeo, ademais de Horizon Europe, proporcionan oportunidades de financiación os Programas Interreg: Atlantic Area¹⁷, POCTEP¹⁸ e SUDOE¹⁹; estas iniciativas abordan a innovación social entre os seus obxectivos e liñas de traballo.

¹⁶ [Horizon Europe](#)

¹⁷ [Interreg Atlantic Area](#)

¹⁸ [POCTEP](#)

¹⁹ [SUDOE](#)

Táboa 10. Alíñamento entre as temáticas de investigación do IPsiUS e a “Horizon Europe”

	Envellecemento saudable	Intervención en procesos de enfermidade	Condutas de risco e adicións	Vulnerabilidade psicosocial e resiliencia	Equidade e diversidade	Sociedade cambiante	Ferramentas dixitais (e-health) para aval. e interv. psicolóxica	Coste-eficiencia da prevención e intervención psicolóxica	Fendas dixitais e lingüísticas	Procesos cognitivos e afectivos
HORIZON EUROPE										
Cluster I Health										
Staying healthy in a rapidly changing society	●	●	●				●	●		
Tackling diseases and reducing disease burden	●	●					●	●		
Unlocking the full potential of new tools, technologies and digital solutions for a healthy society		●					●	●		
Living and working in a health promoting environment								●		
Cluster II: Culture, Creativity and Inclusive Society										
Democratic governance, accountability, transparency, effectiveness and trustworthiness of rule-of-law based institutions and policies; active and inclusive citizenship empowered by the safeguarding of fundamental rights.					●	●				
Inclusive growth, vulnerabilities, evidence-based policies for protecting and enhancing employment, education, social fairness and tackling inequalities, including in response to the socio-economic challenges due to the COVID-19 pandemic.				●	●				●	
Cluster III: Civil security for society										
Enhanced disaster risk reduction based on preventive actions, better societal preparedness, and resilience and improved disaster risk management in a systemic way				●						

Por último, hai que destacar que, ademais dos programas de financiación das actividades de investigación e innovación, o IPsiUS pode acceder a outras iniciativas de carácter transversal como, por exemplo, o Programa Erasmus+²⁰, ou –a nivel autonómico- os programas de formación para persoal investigador do Programa Ignicia²¹ e os servizos do Programa Oportunius²²; así como o programa de mentoría REBECA²³ da FECYT, por citar algúns exemplos.

A análise realizada non é exhaustiva de todas as oportunidades ao alcance do IPsiUS, dada a amplitude da proxección das súas investigacións, como se sinala nos Antecedentes. En todo caso, evidénciase que o contexto actual de financiación e apoio a investigación e a innovación é favorable para o IPsiUS. Ante as numerosas oportunidades que xorden, o reto é identificar e priorizar aquelas que permitirán que o instituto avance cara os seus obxectivos estratéxicos.

1.4. Contorno científico: comparativa con centros de referencia para o IPsiUS

Para determinar o posicionamento e os obxectivos estratéxicos do IPsiUS, é preciso considerar o contexto competitivo en termos científicos no que operará o novo instituto. Con este fin, realizouse un estudo comparativo con tres institutos de referencia nacionais e internacionais do mesmo campo disciplinar.

Os centros elixidos para esta comparación foron o [Centro de Investigación en Mente, Cerebro y Comportamiento](#) (CIMCYC) da Universidad de Granada, o [Centro de Investigação em Psicologia](#) (CIPsi) da Universidade do Minho en Braga, Portugal, e mais o [Psychology Research Institute \(PsyRes\)](#) da Universiteit van Amsterdam, nos Países Baixos.

O CIMCYC foi creado en 2013 e está dedicado ao estudo do cerebro, a mente e o comportamento individual, grupal e social, empregando métodos clásicos e metodoloxías innovadoras. Na actualidade conta con 25 grupos de investigación, que dispoñen de destacados equipamentos científicos (escáner de resonancia magnética, laboratorio de estimulación magnética transcranial, estimulación eléctrica de baixa intensidade, tecnoloxías para o rexistro da actividade ocular e de sinais fisiolóxicas periféricas, etc.).

O obxectivo do CIPsi é o desenvolvemento e a difusión do coñecemento científico nos campos da psicoloxía básica e aplicada. Fundado no ano 2003, o centro está organizado en 8 laboratorios que acollen a 26 grupos de investigación.

Por último, o PsyRes, ligado á Facultade de Ciencias Sociais e da Conduta, desenvolve unha investigación de carácter aplicado, o que require importantes infraestruturas metodolóxicas e técnicas. A investigación deste centro se estrutura

²⁰ [Erasmus +](#)

²¹ [Programa Ignicia Transferencia de Coñecemento](#)

²² [Programa Oportunius](#)

²³ [Programa REBECA](#)

en 6 programas científicos en torno aos que se aglutinan os grupos de investigación, formados principalmente por profesorado da facultade. Os seis programas de investigación son: Brain and Cognition, Clinical Psychology, Developmental Psychology, Psychological Methods, Social Psychology and Work and Organizational Psychology.

Ningún destes tres centros publica unha memoria anual coas actividades de dinamización do centro. Tampouco se describen nas webs actividades de dinamización, nin se menciona a existencia de documentos estratéxicos. Nos tres casos, a información a través de web responde a un patrón clásico: liñas de investigación, equipo investigador, proxectos, programas de bolsas ou de captación de talento, eventos, etc. Por este motivo, esta sección céntrase nos datos proporcionados pola análise cienciométrica que recolle o informe “Evaluación comparativa del Instituto de Psicología de la Universidad de Santiago de Compostela (IPsiUS), 2018-2022”, estudo realizado como parte do proceso de planificación estratéxica do instituto.

A Táboa 11 mostra de forma global o conxunto dos indicadores analizados, que se comentan nos epígrafes seguintes.

Táboa 11. Cadro sintético de indicadores cienciométricos do IPsiUS, CIMCYC, CIPsi e PsyRes (2018-2022)

	Indicador	Ano/s	IPsiUS	CIMCYC	CIPsi	PsyRes
1. Equipo científico						
Personal investigador	N.º	2022	48	123	49	175
Personal investigador: Mulleres	% Total	2022	68,8%	53,7%	65,3%	54,9%
2. Excelencia						
Axudas ERC	N.º	2018-2022	0	0	0	6
Publicacións altamente citadas	% Total	2018-2022	0,38%	0,29%	0,14%	3,43%
3. Producción científica						
Publicacións	N.º	2018-2022	285	1.098	773	1.527
Publicacións en 2022	N.º	2022	65	214	190	375
Publicacións por personal investigador 2022	N.º	2022	1,35	1,74	3,88	2,14
Publicacións por tipos de documento: Artigos	% Total	2018-2022	90,2%	93,4%	92,0%	88,9%
Publicacións en acceso aberto	% Total	2018-2022	62,8%	60,8%	62,2%	90,0%
Publicacións en colaboración internacional	% Total	2018-2022	42,5%	45,8%	47,4%	60,3%
4. Impacto científico						
Citas por publicación	N.º	2018-2022	9,72	10,41	7,45	21,92
Impacto normalizado: <i>Psychiatry/Psychology</i>	N.º	2021	1,44	1,28	1,73	3,16
Impacto normalizado: <i>Neuroscience & Behaviour</i>	N.º	2021	1,05	1,04	1,57	1,75
Impacto normalizado: <i>Clinical Medicine</i>	N.º	2021	0,63	1,64	1,85	1,27
Impacto normalizado: <i>Social Sciences</i>	N.º	2021	1,11	1,48	1,94	1,94
Publicacións en revistas Q1	% Total	2018-2022	51,2%	58,8%	52,4%	76,6%
Publicacións en revistas D1	% Total	2018-2022	21,1%	28,8%	20,6%	50,4%

Indicador	Ano/s	IPsiUS	CIMCYC	CIPsi	PsyRes	
5. Captación de recursos competitivos						
Proxectos Horizon 2020 e Horizon Europe	N.º	2018-2022	1	1	0	15
	M€	2018-2022	0,89	0,66	0	13,22
Proxectos PEICTI	N.º	2018-2022	11	44	n/a	n/a
	M€	2018-2022	1,01	3,76	n/a	n/a

Fonte: Avaliación comparativa do IPsiUS 2018-2022

Dimensión

A Táboa 12, que mostra a información recollida nos directorios institucionais sobre o equipo científico, amosa unha gran diversidade respecto á dimensión dos catro centros: o PsyRes (175 investigadores/as) case cuadriplica e o CIMCYC (123) case triplica o número de investigadores/as do IPsiUS (48) e do CIPsi (49). En relación cos datos de xénero, todos os centros superan o 50% de mulleres investigadoras, destacando o IPsiUS, situado na primeira posición co 68,8%.

Táboa 12. Persoal investigador (2022)

Centro	Nº	% Mulleres
IPsiUS	48	68,8%
CIMCYC	123	53,7%
CIPsi	49	65,3%
PsyRes	175	54,9%

Fonte: Avaliación comparativa do IPsiUS 2018-2022

Captación de recursos científicos

Proxectos europeos

A capacidade para atraer proxectos competitivos dos programas de I+D+i europeo e español é un bo indicador de relevancia científica, aínda que tamén depende do tamaño, o campo científico, a visibilidade e as capacidades para a promoción de proxectos.

Considerando os proxectos financiados polos programas Horizon 2020 e Horizon Europe (Táboa 13, páxina seguinte), o PsyRes ocupa a primeira posición de forma moi destacada, con 15 proxectos por un importe global de 13,2 millóns de euros, dos que 11,5 proceden do European Research Council. Pola súa banda, o IPsiUS e o CIMCYC contaron respectivamente cun proxecto europeo iniciado no quinquenio 2018-2022, que lles reportaron 892.898 e 660.928 euros respectivamente. Neste caso o CIPsi non rexistra ningunha participación en Horizon no período considerado.

Táboa 13. Proxectos Horizon²⁴

Centro	Nº	Importe
IPsiUS	1	892.898
CIMCYC	1	660.928
CIPsi	0	0
PsyRes	15	13.224.668

Fonte: Avaliación comparativa do IPsiUS 2018-2022

Proxectos estatais

Con respecto á captación de fondos do “Plan Estatal de Investigación Científica e Técnica e de Innovación” (PEICTI), a comparación de datos entre os centros españois sobre os proxectos de investigación básica non orientada (modalidades “Retos” e “Xeración de coñecemento”) iniciados no período 2018-2022 mostra que o CIMCYC obtivo 44 proxectos por un importe de 3,7 millóns de euros e que o IPsiUS conseguiu 11 proxectos que lle reportaron 1 millón de euros²⁵. En termos absolutos, as diferenzas na dimensión dos centros determinan en boa parte os resultados obtidos. Neste sentido, cabe sinalar que o IPsiUS presenta un importe medio por proxecto (92.213 €) superior ao do CIMCYC (85.489 €).

Excelencia científica

Proxectos do European Research Council

Para analizar a excelencia científica considéranse dous indicadores: a obtención de axudas European Research Council (ERC) e as publicacións altamente citadas.

A revisión das axudas concedidas polo ERC mostra que unicamente o PsyRes obtivo proxectos financiados por esta institución. No período 2018-2022, o persoal investigador do instituto neerlandés obtivo 6 axudas que lle reportaron 11,5M€.

Publicacións altamente citadas

As publicacións altamente citadas están situadas no 1% máis citado do seu campo temático e ano de publicación. En porcentaxe sobre o total de publicacións indexadas, o PsyRes ocupa a primeira posición de maneira relevante, cun 3,43% das súas publicacións situadas no percentil máis citado do seu campo temático. Cabe destacar aquí a segunda posición do IPsiUS (0,38%), superando aos outros dous centros (Táboa 14, páxina seguinte).

²⁴ Non se incorporan datos doutros programas europeos de financiamento de actividades de I+D+i (por exemplo, Interreg, Erasmus+ ou COST) pola dificultade para recompilar información contrastable para todos os centros.

²⁵ Non se contabilizaron os programas de contratación de investigación (por exemplo, Ramón e Cajal ou Juan de la Cierva) nin os proxectos e accións correspondentes a outras convocatorias (por exemplo, Europa investigación, fomento da cultura científica, transición ecolóxica e dixital, proba de concepto, adiccións etc.).

Táboa 14. Publicacións altamente citadas (2018-2022)

Centro	% Total
IPsiUS	0,38%
CIMCYC	0,29%
CIPsi	0,14%
PsyRes	3,43%

Fonte: Avaliación comparativa do IPsiUS 2018-2022

Producción científica

Revísanse neste punto os principais indicadores bibliométricos asociados á produción científica desde un punto de vista cuantitativo: publicacións por anos, por tipoloxía de documento, en acceso aberto e en colaboración internacional.

Publicacións

A Táboa 15 mostra os indicadores de publicacións (artigos, revisións e actas de congresos) por institutos durante o período 2018-2022. Este indicador depende do tamaño de cada entidade, así como da correcta firma institucional por parte dos seus investigadores e investigadoras. Considerando o ano 2022, o cociente de publicacións indexadas por persoal científico presenta os seguintes resultados: IPsiUS (1,35 publicacións por investigador/a), CIMCYC (1,74), CIPsi (3,88) e PsyRes (2,14).

Táboa 15. Publicacións por anos (2018-2022)

Centro	2018	2019	2020	2021	2022	Total
IPsiUS	44	48	64	64	65	285
CIMCYC	210	227	213	234	214	1.098
CIPsi	147	144	140	152	190	773
PsyRes	283	280	260	329	375	1.527

Fonte: Avaliación comparativa do IPsiUS 2018-2022

As publicacións indexadas dos investigadores e investigadoras do IPsiUS pasaron de 44 (ano 2018) a 65 (2022), o que supón un crecemento do 47,8% en cinco anos; unha evolución moi superior á media observada nos outros centros (23%).

No que se refire á porcentaxe de publicacións en acceso aberto (Táboa 16, páxina seguinte), o padrón é parecido nos institutos españois e no portugués, pero claramente inferior ao 90% rexistrado polo PsyRes. Co fin de contextualizar esta análise comparada, cabe apuntar que as porcentaxes nacionais de publicacións en acceso aberto da categoría “Psychology” en Scopus (2018-2022) son: España (60,7%), Portugal (62,4%) e Países Baixos (81,8%). Por tanto, os centros igualan ou superan as medias nacionais.

Táboa 16. Publicacións en acceso aberto (2018-2022)

Centro	% Total
IPsiUS	62,8%
CIMCYC	60,8%
CIPsi	62,2%
PsyRes	90,0%

Fonte: Avaliación comparativa do IPsiUS 2018-2022

En canto á porcentaxe de publicacións asinadas con institucións estranxeiras (Táboa 17), o IPsiUS amosa valores similares ao CIMCYC e CIPsi (os tres no rango do 40%) mentres que no PsyRes o 60% da produción desenvólvese en colaboración internacional.

Táboa 17. Publicacións en colaboración internacional (2018-2022)

Centro	% Total
IPsiUS	42,5%
CIMCYC	45,8%
CIPsi	47,4%
PsyRes	60,3%

Fonte: Avaliación comparativa do IPsiUS 2018-2022

Polo que respecta aos principais campos científicos das revistas nas que os centros analizados publican os seus resultados (Táboa 18), “*Psychiatry & Psychology*” é o principal ámbito para os catro centros analizados -como corresponde ao seu núcleo disciplinar-. O IPsiUS ten un padrón temático similar ao do PsyRes -con “*Neuroscience & Behaviour*” en segundo lugar-, mentres que no CIMCYC destaca “*Clinical Medicine*” e no CIPsi “*Social Sciences*”.

Táboa 18. Publicacións por campos temáticos (2018-2022)

Centro	<i>Psychiatry / Psychology</i>	<i>Neuroscience & Behaviour</i>	<i>Clinical Medicine</i>	<i>Social Sciences</i>	Outros
IPsiUS	44,0%	16,5%	9,8%	9,0%	20,7%
CIMCYC	41,4%	10,4%	15,7%	11,3%	21,2%
CIPsi	52,2%	7,6%	7,5%	16,2%	16,5%
PsyRes	56,6%	15,6%	6,0%	4,7%	17,1%

Fonte: Avaliación comparativa do IPsiUS 2018-2022

Impacto

No estudo comparativo realizado, o impacto científico mídese mediante tres indicadores distintos: citas por publicación, impacto normalizado, e publicacións en revistas Q1 y D1.

Citas por publicación

No indicador de media de citas por publicacións no período 2018-2022 (Táboa 19), o PsyRes (21,92) duplica ao resto dos centros comparados. Á súa vez, o IPsiUS (9,72) supera ao CIPsi (7,45) e achégase ao indicador do CIMCYC (10,41).

Táboa 19. Citas por publicación (2018-2022)

Centro	2018	2019	2020	2021	2022	Media do período
IPsiUS	17,80	14,08	12,02	6,14	2,29	9,72
CIMCYC	15,72	16,55	10,86	6,28	2,77	10,41
CIPsi	11,96	9,38	7,92	7,94	1,75	7,45
PsyRes	52,88	27,29	18,93	11,51	5,76	21,92

Fonte: Avaliación comparativa do IPsiUS 2018-2022

Impacto normalizado

O impacto normalizado (Táboa 20), mostra o grao de citación das publicacións en comparación con outras similares e tendo en conta o ano de publicación, o tipo de documento e o campo científico asociado á revista de orixe.

O PsyRes supera folgadoamente a media normalizada mundial en todos os campos e anos (excepto en “*Clinical Medicine*” de 2020). Á súa vez, o IPsiUS amosa unha tendencia positiva nos seus dous campos principais de actividade (“*Psychiatry & Psychology*” e “*Neuroscience & Behaviour*”), con impactos normalizados superiores a 1 en 3 dos 4 anos analizados.

Táboa 20. Impacto normalizado por anos (2018-2021)

Centro	2018	2019	2020	2021
Psichiatry/Psychology				
IPsiUS	0,69	1,29	1,00	1,44
CIMCYC	1,09	1,05	1,22	1,28
CIPsi	0,70	0,71	0,88	1,73
PsyRes	3,59	1,92	1,78	3,16
Neuroscience&Behaviour				
IPsiUS	1,85	1,04	0,68	1,05
CIMCYC	0,55	0,75	0,69	1,04
CIPsi	1,15	1,26	0,89	1,57
PsyRes	1,35	2,05	2,09	1,75
Clinical Medicine				
IPsiUS	0,86	1,18	0,63	0,63
CIMCYC	0,75	2,52	1,03	1,64
CIPsi	0,58	0,49	0,31	1,85
PsyRes	1,56	2,47	0,82	1,27
Social Sciences				
IPsiUS	0,80	0,76	0,96	1,11
CIMCYC	0,98	1,73	1,03	1,48
CIPsi	1,12	1,03	0,88	1,94
PsyRes	1,96	1,61	2,55	1,94

Fonte: Avaliación comparativa do IPsiUS 2018-2022

Publicación en revistas Q1 e D1

En canto á presenza nas revistas de maior impacto, o PsyRes destaca por obter un 76,6 en porcentaxe de publicacións en revistas Q1, con cifras moi estables ao longo dos anos (Táboa 21). Destaca tamén a tendencia do IPsiUS a publicar en revistas Q1 foi aumentando dende 2020.

Táboa 21. Publicacións en revistas Q1 (2018-2022)

Centro	2018	2019	2020	2021	2022	Media do período
IPsiUS	43,2%	58,3%	48,4%	50,0%	55,4%	51,2%
CIMCYC	49,0%	58,1%	56,8%	66,2%	63,1%	58,8%
CIPsi	42,2%	54,9%	52,9%	54,6%	56,3%	52,4%
PsyRes	76,7%	76,4%	75,4%	77,5%	76,8%	76,6%

Fonte: Avaliación comparativa do IPsiUS 2018-2022

As porcentaxes de publicacións en revistas D1 están encabezados de maneira relevante polo PsyRes (50,4%), seguido polo CIMCYC (28,8%). Á súa vez, o IPsiUS (21,1%) e o CIPSI (20,6%) obteñen porcentaxes moi similares (Táboa 22).

Táboa 22. Publicacións en revistas D1 (2018-2022)

Centro	2018	2019	2020	2021	2022	Media do período
IPsiUS	18,2%	27,1%	18,8%	17,2%	24,6%	21,1%
CIMCYC	28,1%	32,6%	26,3%	26,9%	29,9%	28,8%
CIPsi	17,7%	20,8%	16,4%	19,7%	26,3%	20,6%
PsyRes	52,3%	52,1%	49,2%	46,5%	51,7%	50,4%

Fonte: Avaliación comparativa do IPsiUS 2018-2022

2. Análise DAFO

Táboa 23. Análise DAFO

ÁMBITO INTERNO	
Fortalezas	Debilidades
<ul style="list-style-type: none"> • Proxecto impulsado por 49 investigadores e investigadoras e integrados en Grupos de Referencia e Potencial de Crecemento aliñados cos obxectivos da Axenda Científica. Incorporación de novos talentos a través dos Programas de RRHH • Destacada proporción de mulleres investigadoras en comparación cos centros de referencia para a análise comparativa • Potencial científico: conxuntamente, o equipo científico que promove o IPsiUS rexistra valores en indicadores de excelencia, produción e impacto científico mellores que outros centros universitarios xa consolidados, como son o CIPsi da Universidade do Minho e o CIMCYC da Universidad de Granada • Psychiatry/Psychology e Neuroscience and Behaviour son áreas destacadas ao medir o impacto normalizado, onde o IPsiUS rexistra valores por riba da media mundial • Bo potencial e experiencia en actividades de transferencia e impacto social, aínda que este potencial non se plasma nun retorno económico. Por exemplo: posicionamento e traxectoria contrastada da Unidade de Tabaquismo e Trastornos Adictivos, da Unidade de Psicoxerontoloxía, ademais de contratos, convenios e acordos de licencia • Singularidade do proxecto no contexto do Sistema Galego de Innovación, que non conta con entidades de investigación ou innovación no campo da Psicoloxía • Comunidade investigadora concienciada co valor do Instituto e comprometida co proxecto para levar adiante o plan de acción • Bo nivel de desempeño na captación de fondos procedentes de proxectos do Plan Nacional • Rede científica integrada por entidades e iniciativas de referencia a nivel internacional • Colaboracións dalgúns grupos con centros singulares da USC: CIMUS e CITIUS, o que pode ser unha vía para acceder a proxectos internacionais • Capacidades complementarias nos grupos, potencial para definir unha axenda científica interdisciplinar orientada a abordar retos sociais de primeira orde (p. ex., avellentamento, saúde mental, adiccións, violencia, inclusión social) 	<ul style="list-style-type: none"> • Sen financiación basal para desenvolver plenamente o proxecto de instituto • Ausencia de persoal especializado na xestión e dinamización de entidades de investigación para levar adiante o proxecto de instituto. Os grupos non contan con este tipo de perfís • Próxima xubilación de líderes científicos do equipo promotor, limitacións para captar persoal posdoutoral e dificultades para atraer ao estudiantado á carreira científica • Reducida experiencia de colaboración interna en materia de I+D entre os grupos promotores • Reducida actividade internacional: un único proxecto do Programa Horizon e taxas de publicación en colaboración internacional inferiores as dos centros de referencia para a avaliación comparativa • A transferencia e o impacto social da actividade desenvolvida polo equipo científico non se reflicten na captación de recursos. Os ingresos por contratos e convenios representan o 4% do total

ÁMBITO EXTERNO	
Oportunidades	Ameazas
<ul style="list-style-type: none"> • Marco da USC: selo HRS4R, servizos de apoio á xestión de investigación, proxectos internacionais etc. • Experiencia interna da USC na creación e dinamización de centros que pode permitir acelerar a toma de decisións e adopción de prácticas para a dinamización do IPsiUS (CITMAGA, CRETUS, IMATUS, ILG) • Asignación de espazos adaptados e debidamente equipados na Facultade de Psicoloxía para a instalación do IPsiUS • Aliñamento das temáticas de investigación dos grupos promotores coas prioridades das axendas científicas e de benestar social. Amplas oportunidades de financiamento no so para investigación e transferencia, se non para desenvolvemento de carreira, etc. • Iniciativas de promoción científica e transferencia no Sistema Galego de Innovación que contribúen ao desenvolvemento profesional do persoal investigador • Egresados e persoal investigador posdoutoral en entidades científicas de referencia, o que representa unha oportunidade para fortalecer a rede científica • Necesidade da administración pública de asinar convenios con terceiros para a prestación de servizos relacionados coas áreas de coñecemento do IPsiUS 	<ul style="list-style-type: none"> • Limitacións para acceder aos programas de financiación basal, como as axudas da Consellería de Educación ou as “Unidades de excelencia María de Maeztu”, que apoian iniciativas cun grao de madurez maior que o IPsiUS • Financiación da ciencia básica orientada a buscar a excelencia e o posicionamento especializado • Aínda que as temáticas de investigación están aliñadas coas prioridades das axendas científicas, non todas son igualmente prioritarias en termos de asignación de fondos • Intensidade competitiva entre entidades científicas: Galicia non se atopa entre as contornas máis atractivas do panorama estatal para o desenvolvemento dunha carreira científica • Dificultades para a captación e atracción de talento. Dependencia universitaria para a captación e retención de talento • En transferencia, limitada capacidade das empresas para absorber o coñecemento xerado polo IPsiUS, necesidade de definir un modelo de transferencia e impacto que caracterice aos mercados obxectivo

3. Marco estratéxico: Misión, Visión e Valores

Misión

A misión do IPsiUS é desenvolver investigación básica e aplicada para coñecer, explicar e predicir os procesos cognitivos, afectivos e sociais que sustentan o comportamento humano, así como proporcionar solucións con base científica para mellorar a saúde e o benestar das persoas e, por extensión, das comunidades.

Visión

No primeiro ciclo estratéxico, a visión do IPsiUS é chegar a ser un centro recoñecido entre a comunidade científica pola singularidade, calidade e impacto das súas investigacións no campo da Psicoloxía, creando as condicións necesarias para optar á acreditación como Centro de Investigación de Excelencia da Rede CIGUS²⁶. Ademais, na contorna do Sistema Galego de I+D+i aspira a ser un axente clave, con potencial para asumir un papel tractor na definición de políticas e servizos de innovación social nos campos da saúde mental e do benestar das persoas e as comunidades.

Valores

O equipo que forma o IPsiUS guíase por un conxunto de valores fundamentais que definen unha identidade compartida e impulsan a súa misión. Estes valores reflicten un compromiso decidido co avance da psicoloxía e o logro dun impacto positivo para as persoas, as comunidades e a sociedade no seu conxunto:

- **COLABORACIÓN.** As solucións máis efectivas aos desafíos psicolóxicos complexos xorden cando se unen forzas e perspectivas diversas. No IPsiUS fomentamos unha dinámica de traballo integradora, recoñecendo que a combinación de diferentes enfoques e coñecementos enriquece as percepcións individuais e permite abordar os problemas científicos desde ángulos innovadores.
- **VANGARDA** en todas as dimensións do noso traballo desenvolvido dende o IPsiUS: desde a produción de coñecemento até a práctica psicolóxica. Inspíranos cuestionar o establecido como unha oportunidade para crecer e mellorar. Promovemos a creatividade e a procura constante de novas solucións para abordar os retos cambiantes nos diversos ámbitos da psicoloxía. Así podemos marcar unha diferenza significativa na vida das persoas e contribuír ao avance continuo do noso campo científico.
- **ADAPTABILIDADE.** O IPsiUS recoñece a natureza dinámica da psicoloxía. Os desafíos e oportunidades emerxentes requiren unha resposta flexible e

²⁶ A Rede CIGUS aglutina aos centros de investigación de excelencia do Sistema Universitario de Galicia, que están acreditados pola Consellería de Cultura, Educación, Formación Profesional e Universidades a través da Orde da acreditación da excelencia (científica, técnica ou artística) e das axudas para a estrutura, mellora e apoio aos centros de investigación do Sistema universitario de Galicia. Norma pendente de publicación no Diario Oficial de Galicia na data de elaboración de este documento.

receptiva, por iso mantense unha actitude aberta cara á incorporación de novos coñecementos, enfoques e tecnoloxías. Estamos comprometidos coa mellora continua, o que nos permite brindar solucións e servizos accesibles que se axusten de forma continxente ás necesidades das persoas e da sociedade.

- **RESPONSABILIDADE.** A ética é a pedra angular do IPsiUS. Mantemos os máis altos estándares éticos en todos os nosos esforzos de investigación, docencia e transferencia. Estamos comprometidos coa xeración e o uso responsable do coñecemento psicolóxico. Somos transparentes nas nosas accións e responsables nas nosas decisións. Compartimos en aberto os nosos deseños, metodoloxías e resultados de investigación, contribuíndo a un modelo de ciencia máis inclusiva, transparente e colaborativa.
- **COMPROMISO,** que se estende máis aló das paredes do IPsiUS. Esforzámonos por ser axentes activos de cambio nas comunidades locais e globais ás que servimos. Isto implica que temos en conta a diversidade cultural, social e económica da nosa contorna mentres traballamos cara a obxectivos globais máis amplos, como a sustentabilidade, a xustiza social ou a prosperidade. Medimos o noso éxito polos resultados no mundo real e as melloras na saúde e o benestar que se derivan do noso traballo.

Estes valores constitúen os alicerces fundamentais que guían a investigación, o labor docente e a transferencia de coñecementos que se realiza dende o IPsiUS. Xuntos definen quen somos e o que aspiramos a lograr como Instituto, impulsándonos cara a un futuro no que a psicoloxía desempeñe un papel esencial na mellora significativa da condición humana.

4. Goberno e organización

4.1. Goberno

A organización e sistema de gobernanza do IPsiUS ven definida polo Regulamento de Creación e Xestión de Institutos de Investigación da USC²⁷, e recóllese no Regulamento de Réxime Interno do Instituto.

Os principios que inspiran e sosteñen o sistema de gobernanza de IPsiUS son:

- Aliñamento coas prioridades e políticas da USC, a través da Xunta de Goberno do instituto, que preside o/a reitor/a da universidade.
- Homologación cos estándares da investigación internacional de excelencia, co apoio da Comisión Asesora Externa (CAE), que asesora á Dirección do instituto e á súa Xunta de Goberno sobre a axenda científica e a vinculación do persoal investigador.
- Xestión transparente, orientada cara á máxima eficiencia no uso dos recursos e á rendición de contas.
- Coordinación eficaz, a través do Consello Científico e as unidades de xestión que se vaian implementando a medida que o proxecto de instituto evolucione.

Os órganos de goberno do IPsiUS son os seguintes:

Xunta de Goberno

É o máximo órgano de goberno do centro. Está composta por seis membros, que inclúen ao/a Reitor/a de a USC, ao/a Vicerreitor/a con competencias en materia de Investigación, un vogal en representación do Consello de Goberno da USC, nomeado polo Reitor/a, un vogal en representación do Consello Social da USC, o/a Director/a e o/a Secretario/a do IPsiUS, que o será tamén da Xunta de Goberno. Este órgano colexiado é responsable, entre outras funcións, de aprobar o programa e o orzamento do instituto e a súa memoria anual de actividades, de nomear ou cesar ao/a Director/a de IPsiUS (a proposta do Consello Científico) e de nomear aos membros da comisión asesora científica externa.

Consello Científico

O Consello Científico está integrado polo/a Directora/a de IPsiUS, polo/a Secretario/a, seis PDIs en representación das principais áreas de traballo definidas na axenda científica do instituto, un representante do persoal investigador non permanente e un representante do persoal investigador en

²⁷ Aprobado por Consello de Goberno o 18 de outubro de 2017 e modificado o 31 de xaneiro de 2018.

formación vinculado ao instituto. Entre outras funcións, o Consello Científico propón á Xunta de Goberno o nomeamento ou cesamento do/a Director/a, propón á Xunta de Goberno o ingreso de novos membros ao instituto (previo informe da Comisión Asesora Científica Externa), así como a súa desvinculación, e programa e supervisa as actividades científicas, formativas e de asesoría técnica do instituto.

Dirección

O/a directora/a do IPsiUS é elixido polo período que estableza a Lei con competencias para fixar o mandato dos titulares de órganos unipersoais electos das universidades públicas. É elixido/a entre o persoal docente e investigador (PDI) da USC con título de doutor, vinculación permanente á universidade, vinculación formal ao instituto e dedicación a tempo completo á USC. Exerce a máxima representación do centro e é responsable, entre outras funcións, de elaborar propostas de programación e orzamento, redactar as memorias anual e económica, e propoñer o nomeamento do/a Secretario/a do instituto. É proposto/a polo Consello Científico, avaliado/a pola Comisión Asesora Científica Externa, aprobado/a pola Xunta de Goberno e nomeado/a polo/a Reitor/a.

Secretaría

O/a Secretario/a, nomeado polo/a Reitor/a entre o PDI adscrito ao IPsiUS, asiste ao/á Director/a do instituto e é responsable, entre outras funcións, de redactar as actas das reunións dos órganos de goberno, de custodiar o arquivo e a documentación do instituto e de substituír ao/a Director/a en casos de ausencia ou enfermidade.

Comisión Asesora Externa

A Comisión Asesora Externa (CAE) está constituída por investigadores e investigadoras de recoñecido prestixio no campo da Psicoloxía. Os seus membros son nomeados polo/a Reitor/a a proposta da Xunta de Goberno por catro anos, renovables. A CAE asesora á Dirección e á Xunta de Goberno sobre a axenda científica, velando por que a investigación do instituto aproveite ao máximo as súas capacidades e a colaboración con outras entidades. Avalía ao persoal investigador de IPsiUS e informa as propostas do Consello Científico de candidatos/as para a dirección do instituto.

A primeira Comisión Asesora Externa do IPsiUS contará cos seguintes integrantes:

- Leandro Almeida, Profesor Catedrático de Psicoloxía da Educación no Instituto de Educação da Universidade do Minho.
- M^a Teresa Bajo Molina, Catedrática do Departamento de Psicoloxía Experimental da Universidade de Granada. Investigadora adscrita ao Centro de Investigación Mente, Cerebro y Comportamiento (CIMCYC) da mesma universidade.

- Luis García Larrea, Director de investigación do grupo NEUROPAIN do Centre de Recherche en Neurosciences de Lyon (CRNL), integrado no Institut National de la Santé et de la Recherche Médicale (INSERM).
- Esther López-Zafra, Catedrática de Psicoloxía Social da Universidade de Jaén.
- Marina Muñoz Rivas, Catedrática do Departamento de Psicoloxía Biolóxica e da Saúde da Facultade de Psicoloxía da Universidad Autónoma de Madrid.

4.2. Equipo científico

O IPsiUS nace impulsado por un equipo de 49 investigadores e investigadoras descritos na sección 1.2., cuxo perfil se plasma de novo no seguinte gráfico. De cara ao proceso de creación do instituto, destácanse nesta sección o persoal investigador garante e o persoal investigador promotor.




Figura 1: Equipo científico do IPsiUS

Persoal investigador garante

De acordo coa normativa da USC para os seus centros e institutos de investigación, a creación do IPsiUS ten que estar apoiada por unha serie de investigadores e investigadoras garantes, persoas cuxa traxectoria científica, publicacións, proxectos e teses dirixidas avala a calidade da investigación que se vai desenvolver no instituto. No caso do IPsiUS os criterios para escoller a este grupo foron:

- Ter polo menos 2 sexenios de investigación ou transferencia.
- Ter sido Investigador/a Principal de proxectos de I+D do programa Marco da UE ou do Plan Estatal de I+D da Administración Xeral do Estado nos 4 anos anteriores a presentar a proposta. Quedan excluídas as accións complementarias e de mobilidade.
- Ter, polo menos, 4 artigos científicos publicados en revistas do primeiro cuartil en JCR (Journal Citation Report) ou SJR (Scimago Journal Rank), ou ter dirixido, polo menos, 3 teses de doutoramento, en ambos os dous casos nos 5 anos anteriores a presentar a proposta.

O IPsiUS conta con 10 investigadores e investigadoras garantes, que se relacionan a continuación na Táboa 24.

Táboa 24. Persoal investigador garante do IPsiUS

NOME ²⁸	CATEGORIA	CÓD. ORCID
Becoña Iglesias, Elisardo	Catedrático universidade	0000-0002-6639-3834
Díaz Fernández, Fernando	Catedrático universidade	0000-0003-3373-4855
Doallo Pesado, Sonia	Profesora titular universidade	0000-0003-4937-4348
Fraga Carou, Isabel	Catedrática universidade	0000-0001-9346-6560
Gómez Fragueta, Xosé Antón	Profesor titular universidade	0000-0002-9140-1533
Jiménez García, Luis Miguel	Catedrático Universidade	0000-0002-0763-4220
López Durán, Ana	Profesora titular universidade	0000-0001-7661-8972
Pereiro Rozas, Arturo José	Profesor titular universidade	0000-0002-7842-5565
Rodríguez Holguín, Socorro	Profesora titular universidade	0000-0003-1502-987X
Romero Triñanes, Estrella	Catedrática universidade	0000-0002-9239-2544

Persoal investigador promotor

Complementariamente á figura do persoal investigador garante, relaciónanse a continuación, na Táboa 25, os investigadores e investigadoras promotores do IPsiUS, que son os integrantes do equipo fundacional que contan con vinculación permanente na USC.

Táboa 25. Persoal investigador promotor do IPsiUS

NOME ²⁹	CATEGORIA	CÓD. ORCID
Acuña Fariña, Juan Carlos	Catedrático universidade	0000-0001-8032-0431
Alzate García, Mónica	Profesora titular universidade	0000-0002-9566-535X
Amenedo Losada, María Elena	Profesora titular universidade	0000-0001-7877-0572
Arce Fernández, Constantino	Catedrático universidade	0000-0003-3713-0098

²⁸ A hiperligazón no nome leva á ficha do investigador ou investigadora no Portal de Investigación da USC

²⁹ A hiperligazón no nome leva á ficha do investigador ou investigadora no Portal de Investigación da USC

NOME ²⁹	CATEGORIA	CÓD. ORCID
Cadaveira Mahía, Fernando	Catedrático universidade	0000-0001-6198-1541
Carrillo de la Peña, María Teresa	Catedrática universidade	0000-0001-6940-2460
Corral Varela, María Montserrat	Profesora titular universidade	0000-0003-3068-3415
Facal Mayo, David	Profesor titular universidade	0000-0001-6230-0090
Fernández Rey, José	Profesor titular universidade	0000-0002-8023-7643
Galdo Álvarez, Santiago	Profesor titular universidade	0000-0002-5242-3203
Lindín Novo, Mónica	Profesora titular universidade	0000-0001-5936-9644
Lojo Seoane, Cristina	Profesora contratada doutora	0000-0002-1034-972X
Míguez Varela, María del Carmen	Profesora titular universidade	0000-0001-8749-088X
Montes Piñeiro, Carlos	Profesor contratado doutor	0000-0002-6270-7306
Páramo Fernández, María Fernanda	Profesora titular universidade	0000-0003-1316-0647
Pazo Álvarez, Paula	Profesora titular universidade	0000-0001-8144-9536
Pérez Pereira, Miguel	Catedrático emérito	0000-0001-8679-6027
Rodríguez González, María Soledad	Profesora titular universidade	0000-0001-7414-147X
Rodríguez Salgado, Dolores	Profesora contratada doutora	0000-0003-0509-1581
Tinajero Vacas, Carolina	Profesora titular universidade	0000-0001-8324-3523
Vázquez Rodríguez, María Isabel	Profesora titular universidade	0009-0000-1404-8580
Villar Torres, Paula	Profesora titular universidade	0000-0001-5476-6720
Zurrón Ocio, Montserrat	Profesora titular universidade	0000-0001-9948-8840

4.3. Unidades organizativas

Co obxectivo de lograr a maior eficiencia nas súas actividades, o IPsiUS dotarase de catro unidades operativas de apoio á dirección, vinculadas cos retos da estratexia institucional: desenvolvemento institucional, investigación, promoción do talento e transferencia. Cada unidade estará conformada por un/unha coordinador/a e un máximo de tres membros.

- A **Unidade de desenvolvemento institucional** será responsable da posta en marcha dos órganos e os plans do instituto de acordo coas normativas en vigor, do deseño e supervisión das ferramentas informáticas para a súa visibilización, promoción e xestión das actividades propias, así como da integración das funcións administrativas e de xestión. Será tamén a responsable das políticas e accións de promoción da igualdade.
- A **Unidade de investigación** será responsable da promoción e seguimento das actividades de investigación e desenvolvemento da axenda científica, así como dos seus resultados, difusión e impacto. Será tamén responsable de recadar e difundir a información sobre convocatorias ás que poden concorrer os membros ou grupos do instituto, e de promover actividades de colaboración científica entre os seus equipos de investigación.

- A **Unidade de promoción do talento** será responsable das iniciativas de captación, promoción e fidelización do talento
- A **Unidade de transferencia** será responsable das accións relativas á análise do potencial de valorización de resultados, e de impulso da transferencia dos servizos asociados coas investigacións que se realizan, aos ámbitos de influencia do instituto.

4.4. Organigrama



5. Estratexia científica

A investigación científica en Psicoloxía ten como obxecto de estudo o comportamento e os procesos mentais, coa finalidade de comprender como perciben, senten, pensan e actúan as persoas. Busca coñecer e explicar os procesos cognitivos, afectivos e sociais que sustentan o comportamento, normal e patolóxico, para poder predicilo e contribuír á mellora da saúde e do benestar das persoas e, por extensión, das comunidades.

Na sociedade occidental actual, e no noso contorno máis inmediato, é innegable o recoñecemento acadado pola Psicoloxía nas últimas décadas. Actualmente, esta disciplina está presente no ámbito da saúde, para a atención a trastornos e problemas de saúde mental e física; no ámbito educativo e escolar, para contribuír ao desenvolvemento cognitivo e socioafectivo saudable e aos procesos de aprendizaxe; nos contornos laborais, para a organización dos recursos humanos e a preservación da saúde laboral; no eido sociocomunitario, achegando ferramentas e recursos para a inclusión, os cuidados e o benestar de persoas e colectivos vulnerables. Deporte, tráfico, seguridade, emerxencias, xustiza, mediación en conflitos, maiores... son campos nos que a intervención psicolóxica se vén afianzando ao longo dos anos.

Desde o sistema de investigación, cómpre achegar o coñecemento básico e os desenvolvementos aplicados que fornezan as bases conceptuais e a evidencia científica na que sustentar a actuación profesional nestes ámbitos, así como achegar ferramentas de avaliación e de intervención eficientes sustentadas nesa evidencia.

A axenda científica do IPsiUS pretende articular a experiencia e o potencial investigador dos grupos promotores, e daqueles outros que se incorporen posteriormente, arredor de tres retos que atendan ás necesidades dese contorno profesional en aliñamento coas prioridades definidas nas políticas de I+D+i autonómicas, estatais e europeas:

- **Promover saúde e benestar** defínese como un primeiro reto que consiste en achegar novas e melloradas estratexias para a prevención e a intervención psicolóxica en saúde, particularmente nas problemáticas máis acusadas no noso contorno social, incluíndo o deterioro asociado ao envellecemento, os desafíos da enfermidade crónica ou as adiccións.
- **Desenvolver sociedades inclusivas e diversas** aborda os procesos que afectan á adaptación social de colectivos vulnerables, co fin de dotalos de recursos fortalecedores, que faciliten a inclusión atendendo á súa diversidade psicolóxica, social e funcional. Aténdese tamén aos procesos de participación política en contextos contemporáneos de crise, e ao estudo psicosocial de fenómenos que ameazan a convivencia.
- **Contribuír á sociedade dixital e á sostibilidade** constitúe outro dos retos, abordable mediante o deseño, adaptación e validación de ferramentas dixitais para a avaliación e a intervención psicolóxica no marco de desenvolvementos en *e-Health*, o deseño de programas que melloren o custe-eficiencia da prevención e intervención psicolóxica, ou o desenvolvemento de estratexias de xestión de riscos psicosociais no ámbito laboral.

O afrontamento destes retos farase desde a dobre vertente, básica e aplicada. A investigación básica dos procesos psicolóxicos, representada no eixe transversal, debe achegar o fundamento conceptual e experimental sobre o que se sustente a investigación de desenvolvementos aplicados en todos e cada un dos retos que articulan a axenda científica, que poidan, como obxectivo último, ser transferidos para a súa aplicación no exercicio profesional da psicoloxía e doutras disciplinas orientadas ao benestar das persoas e da comunidade.

A proposta que se presenta a continuación estrutúrase, pois, arredor destes tres retos. Para cada un deles defínese un conxunto de eixes temáticos que engloban as liñas de investigación específicas. Cómpre explicitar que algunhas das liñas se veñen desenvolvendo desde hai anos, están ben consolidadas e aspírase a que se vexan potenciadas polo marco para o traballo conxunto que posibilitará o instituto; outras liñas, en cambio, son novas e configuran campos de desenvolvemento futuro para os que este marco, e as sinerxías que facilite, serán esenciais.

A axenda inclúe tamén un eixe transversal, que se ocupa dos procesos cognitivos e afectivos que están na base do comportamento humano, e que serven de fundamento para o desenvolvemento das facetas máis aplicadas da psicoloxía.

Para cada un dos eixes temáticos realízase unha descrición do seu contido e principais obxectivos científicos; ademais, indícanse as liñas de investigación que engloba e proporciónase información acerca das capacidades que o sustentan: equipo investigador (número de persoas), principais resultados (destacando dúas publicacións), principais proxectos activos, e recursos captados para actividades de I+D e transferencia vixentes dende 2022; a información complétase coa mención das unidades de servizos activas.

5.1. Reto 1: Promover saúde e benestar

O primeiro reto da axenda científica do IPSiUS, "Promover saúde e benestar", enfócase a achegar novas e melloradas estratexias, desde a psicoloxía, para a abordaxe de problemas de primeira orde nas nosas sociedades. Especificamente, este reto artéllase en tres eixos: 1) o envellecemento, 2) a enfermidade crónica e 3) as condutas adictivas e, dun modo máis xeral, aquelas condutas que poñen en risco a saúde e o benestar.

Eixe 1.1: Envellecemento saudable

Descrición e obxectivos

O envellecemento da poboación é un fenómeno sociodemográfico mundial que afecta especialmente aos países tecnoloxicamente desenvolvidos. O índice de envellecemento (relación entre o número de persoas maiores de 64 anos por cada 100 menores de 16 anos) sitúase en 133 para o conxunto de España e en 213,5 para Galicia (INE, 2022). Estes datos identifican a Galicia como unha das áreas xeográficas con taxas de envellecemento máis altas do planeta, o que constitúe

unha oportunidade para a investigación do proceso de envellecemento e das súas implicacións psicosociais e sociopolíticas.

A principal característica das persoas maiores de 65 anos é a súa heteroxeneidade e diversidade, tamén en termos de saúde física e mental. Non obstante, é ben sabido que o proceso de envellecemento leva aparellados cambios orgánicos estruturais, fisiolóxicos, cognitivos e condutuais que, modulados por factores socioeconómicos e culturais, incrementan o risco de experimentar déficits nas dimensións física, mental e social que afectan á saúde e benestar das persoas. Neste contexto, cómpre potenciar a investigación dirixida a **promover un envellecemento saudable; identificar os factores de risco e protectores; previr a deterioración cognitiva, condutual e afectiva; e mellorar a autonomía, o benestar físico e emocional, e a función neurocognitiva das persoas maiores.** Para isto, abórdase a caracterización cognitiva, neurocognitiva e condutual do proceso de envellecemento normal e patolóxico, incluíndo a identificación de marcadores e factores de risco asociados ás demencias. Así mesmo, priorízase o desenvolvemento de ferramentas de avaliación psicoxerontolóxica e neurocognitiva, e o deseño de programas multimodais para a mellora cognitiva e funcional no envellecemento.

Principais capacidades

Táboa 26. Principais capacidades en envellecemento saudable

Liñas de investigación	Equipo	
Caracterización cognitiva, neurocognitiva e condutual do proceso de envellecemento	6 IP	9 inv.
Identificación temperá de marcadores bio-psico-sociais e de factores de risco no envellecemento patolóxico		
Desenvolvemento de instrumentos de avaliación e de programas innovadores de intervención para persoas maiores		
Principais publicacións		
Babiloni, C., Noce, G., Ferri, R., Lizio, R., Lopez, S., Lorenzo, I., Tucci, F., Soricelli, A., Zurrón, M., Díaz, F., ... & Del Percio, C. (2022). Resting state alpha electroencephalographic rhythms are affected by sex in cognitively unimpaired seniors and patients with Alzheimer's Disease and amnesic mild cognitive impairment: A retrospective and exploratory study. <i>Cerebral Cortex</i> , 32(10), 2197–2215. https://doi.org/10.1093/cercor/bhab348		
Mallo, S.C., Patten, S.C., Zahinoor, I., Pereiro, A.X., Facal, D., Otero, C., & Juncos-Rabadán, O. (2020). Does the neuropsychiatric inventory predict progression from mild cognitive impairment to dementia? A systematic review and meta-analysis. <i>Ageing Research Reviews</i> , Dec 24; 58:101004. https://doi.org/10.1016/j.arr.2019.101004		
Principais proxectos activos alén 2022	Total captado I+D: 371K€*	
Identificación temprana del riesgo de demencia con marcadores neurofuncionales, estruturales, genéticos, bioquímicos, en un estudio longitudinal sobre declive cognitivo subjetivo. (PEICTI ³⁰ : Retos investigación 2020)		
Predicción de la progresión desde el declive cognitivo subjetivo hasta la demencia a lo largo del continuo evolutivo utilizando marcadores cognitivos, afectivos y funcionales.(PEICTI: Retos investigación 2020)		

* Captación de recursos para o desenvolvemento de proxectos de I+D e transferencia alén 2022

³⁰ Plan Estatal de Investigación Científica y Técnica y de Innovación

Eixe 1.2: Intervención en procesos de enfermidade

Descrición e obxectivos

O estudo dos procesos psicolóxicos serve como unha fonte destacada de coñecemento para a abordaxe da enfermidade física. No marco dunha perspectiva biopsicosocial, a chamada “psicoloxía da saúde” ten feito achegas significativas para o estudo dos factores implicados na orixe e desenvolvemento de múltiples enfermidades. Así mesmo, a adherencia aos tratamentos, o impacto emocional da enfermidade, os procesos de afrontamento e o manexo da enfermidade crónica son algúns dos campos que dan forma a este eixo.

Particularmente, esta sección da axenda científica pon o seu acento no desenvolvemento de estratexias de intervención psicolóxica para mellorar o manexo de síntomas, a adaptación emocional e o seguimento das prescricións médicas en enfermidades crónicas ou de longa duración (p. ex. doenzas cardiovasculares, renais, respiratorias). Así, trátase non só de mellorar os resultados relacionados co proceso da enfermidade, senón tamén mellorar a calidade de vida e o benestar xeral de individuos que viven con doenzas a longo prazo.

Outra das grandes liñas neste campo diríxese a descifrar os mecanismos subxacentes á dor, un síntoma que non só ten unha alta frecuencia nos procesos de enfermidade, senón que deteriora substancialmente a calidade de vida das persoas afectadas. Neste sentido, a axenda científica do instituto inclúe o desenvolvemento de estratexias innovadoras baseadas en técnicas non invasivas de neuromodulación transcranial para o tratamento de sintomatoloxía asociada a trastornos orgánicos, particularmente a dor crónica, así como a trastornos psicolóxicos.

Principais capacidades

Táboa 27. Principais capacidades en intervención en procesos de enfermidade

Liñas de investigación	Equipo
Calidade de vida e intervención psicolóxica na enfermidade física	9 IP 5 inv.
Intervención neuromodulatoria en procesos de enfermidade	

Principais publicacións

González-Freire, B., Vázquez, I., & Pértiga-Díaz, S. (2020). The relationship of psychological factors and asthma control to health-related quality of life. *Journal of Allergy and Clinical Immunology in Practice*, 8, 197-207. <https://doi.org/10.1016/j.jaip.2019.07.009>

Samartín-Veiga, N., Pidal-Miranda, M., González-Villar, A. J., Bradley, C., Garcia-Larrea, L., O'Brien, A. T., & Carrillo-de-la-Peña, M. T. (2022). Transcranial direct current stimulation of 3 cortical targets is no more effective than placebo as treatment for fibromyalgia: A double-blind sham-controlled clinical trial. *Pain*, 163(7), e850-e861. <https://doi.org/10.1097/j.pain.0000000000002493>

Principais proxectos activos alén 2022

Total captado I+D: 1,3 M€ *

Pain relief in palliative care of cancer using home-based neuromodulation and predictive biomarkers (PAINLESS) (HORIZON-HLTH-2021-DISEASE-04)

Ensayo clínico aleatorizado para la evaluación de la eficacia de un tratamiento psicológico para dejar de fumar con el apoyo de una APP.(PEICTI: Retos investigación 2019)

* Captación de recursos para o desenvolvemento de proxectos de I+D e transferencia alén 2022

Eixe 1.3: Condutas de risco e adiccións

Descrición e obxectivos

Neste eixe, realízase unha aproximación integradora a problemas que afectan substancialmente ao benestar persoal e social. As condutas de risco e as adiccións son problemas de raíz complexa, que forman parte habitual das preocupacións sociais e de saúde pública, e que están no punto de mira dos actuais programas estratéxicos da investigación, sexan autonómicos (p. ex., Plan Saúde Mental Galicia Poscovid, 2020-2024), nacionais (EECTI; 2021-2027) ou internacionais (Horizon Europe, 2021-2027). Esta priorización da saúde mental responde ás achegas na investigación que mostran como os continuos cambios sociais e tecnolóxicos están a transformar, á súa vez, as manifestacións, as consecuencias e os desafíos que implican os problemas de comportamento nas novas xeracións, e isto esixe da ciencia solucións innovadoras e adaptadas aos novos escenarios.

As condutas de risco (p. ex. condutas disruptivas, agresividade, delincuencia, acoso) e as adiccións (a sustancias e comportamentais) inclúen un rango amplo de alteracións que con frecuencia concorren, e que teñen en común a presenza de dificultades para a autorregulación e para un autocontrol cognitivo, condutual e emocional eficaz. Son problemas que afectan a persoas de moi diferentes idades, pero que xeran especial preocupación cando se presentan na mocidade, polas repercusións que poden ter no desenvolvemento da persoa e do seu contexto ao longo do tempo. Tendo en conta os actuais desafíos neste eido, unha das liñas identifica as **diversas vías etiolóxicas** das condutas de risco infanto-xuvenís. Unha segunda liña céntrase nas **consecuencias** de corte neurocognitivo, psicosocial e psicopatolóxico das condutas adictivas; o estudo de padróns de consumo intensivo de alcohol na mocidade terá un especial protagonismo neste ámbito. As últimas dúas liñas centraranse no desenvolvemento de prácticas de **prevención e tratamento** cientificamente fundamentadas e transferibles á sociedade. Neste aspecto, a Unidade de Tabaquismo e Trastornos Adictivos da USC é un referente nacional e internacional na investigación e desenvolvemento do tratamento psicolóxico para deixar de fumar e doutras adiccións.

Principais capacidades

Táboa 28. Principais capacidades en conductas de risco e adiccións

Liñas de investigación	Equipo
Mecanismos etiolóxicos das condutas de risco	
Consecuencias neurocognitivas, psicosociais e psicopatolóxicas das condutas adictivas	10 IP 10 inv.
Prevención das condutas de risco e adiccións	
Tratamento psicolóxico das adiccións	

Principais publicacións

Martínez-Vispo, C., López-Durán, A., Rodríguez-Cano, R., Senra, C. & Becoña, E. (2021). Treatment completion and anxiety sensitivity effects on smoking cessation outcomes. *Addictive Behaviors*, 117 <https://doi.org/10.1016/j.addbeh.2021.106856>

Orio, L., Antón, M., Rodríguez-Rojo, I. C., Correas, Á., García-Bueno, B., Corral, M., de Fonseca, F. R., García-Moreno, L. M., Maestú, F., & Cadaveira, F. (2018). Young alcohol binge drinkers have elevated blood endotoxin, peripheral inflammation and low cortisol levels: neuropsychological correlations in women. *Addiction Biology*, 23(5), 1130–1144. <https://doi.org/10.1111/adb.12543>

Principais proxectos activos alén 2022	Total captado I+D: 546K€ *
Consumo intensivo y trastorno por uso de alcohol en jóvenes. Predictores de trayectoria y control inhibitorio. (PEICTI: Retos investigación 2020)	Profundizar en el desarrollo de los problemas de conducta desde la infancia temprana, atendiendo a su heterogeneidad evolutiva, así como a la identificación de factores cognitivos y socioemocionales vinculados a distintos perfiles y trayectorias, con el fin de desarrollar estrategias adaptadas de prevención. (RyC 2021, ref. RYC2021-032890-I)

* Captación de recursos para o desenvolvemento de proxectos de I+D e transferencia alén 2022

5.2. Reto 2: Desenvolver sociedades inclusivas e diversas

O segundo reto da axenda estratéxica do IPsiUS “Desenvolver sociedades inclusivas e diversas” aborda os procesos que afectan á adaptación social de colectivos vulnerables, co fin de dotalos de recursos fortalecedores, que faciliten a inclusión atendendo á súa diversidade psicolóxica, social e funcional. Aténdese tamén aos procesos de participación política en contextos contemporáneos de crise, e ao estudo psicosocial de fenómenos que ameazan a convivencia.

Eixe 2.1: Vulnerabilidade psicosocial e resiliencia

Descrición e obxectivos

A comprensión das diversas problemáticas que afectan á poboación ao longo do ciclo vital pasa por identificar e avaliar aqueles indicadores que contribúen ao seu desenvolvemento. **A identificación de factores de vulnerabilidade e resiliencia, definidos como aqueles atributos e/ou características individuais, condicións situacionais e/ou contextos ambientais que incrementan o risco ou reducen o impacto do mesmo, constitúen elementos centrais na mellora dos procesos de avaliación e intervención.** Isto é máis relevante se cabe naqueles períodos evolutivos onde se producen cambios de xeito máis notable, como son as primeiras e últimas etapas do ciclo vital. **Afondar nestes mecanismos contribuirá non só á mellora do coñecemento actual sobre as distintas problemáticas que afectan a diversos grupos de poboación, senón tamén ao deseño de estratexias de prevención que, baseándose nos mecanismos de resistencia, permitan reducir o risco de desenvolvemento de patoloxía.**

As liñas de investigación enmarcadas neste eixe pretenden contribuír a este coñecemento mediante a identificación de indicadores cognitivos, emocionais e psicosociais, así como dos procesos de interacción complexa que se dan entre eles, que permiten predicir e/ou reducir o risco de desaxuste, fragilidade ou vulnerabilidade durante a infancia e adolescencia e no proceso de envellecemento. A partir do coñecemento xerado, facilitarase a mellora dos procedementos de

avaliación así como o deseño e elaboración de estratexias útiles no ámbito aplicado (p. ex. prevención, intervención) que dean conta da heteroxeneidade dos procesos avaliados, e as posibles diferenzas intra- e interindividuais no seu desenvolvemento.

Dentro destas coordenadas, serán focos prioritarios de atención o estudo da fragilidade e a resiliencia en persoas maiores, e a predición do risco de exclusión social en menores vulnerables (p. ex., en situacións de abandono escolar, desprotección ou conflito social, discapacidade).

Principais capacidades

Táboa 29. Principais capacidades en vulnerabilidade psicosocial e resiliencia

Liñas de investigación	Equipo	
Fraxilidade, reserva e resiliencia en persoas maiores	9 IP	13 inv.
Exclusión/inclusión e adaptación social en menores vulnerables		
Principais publicacións		
Facal, D., Maseda, A., Pereiro, A.X., Gandoy-Crego, M., Lorenzo-López, L., Yanguas, J., & Millán-Calenti, J.C. (2019). Cognitive frailty: A conceptual systematic review and an operational proposal for future research. <i>Maturitas</i> , 121, 48-56. https://doi.org/10.1016/j.maturitas.2018.12.006		
Romero, E., López-Romero, L., Domínguez-álvarez, B., Villar, P., & Gómez-Fraguela, J. A. (2020). Testing the effects of covid-19 confinement in spanish children: The role of parents' distress, emotional problems and specific parenting. <i>International Journal of Environmental Research and Public Health</i> , 17(19), 1-23. https://doi.org/10.3390/ijerph17196975		
Principais proxectos activos alén 2022 *	Total captado I+D: 474K€ *	
Heterogeneidad en los problemas de conducta: estudio longitudinal de los perfiles, determinantes y confluencias con los problemas emocionales durante la niñez. (PEICTI: Retos investigación 2019)		
Factores asociados al ajuste y el progreso académico en la adolescencia. El papel del apoyo social percibido y la autorregulación del aprendizaje (PEICTI: Generación de conocimiento 2021. Proyectos de investigación orientada)		

* Captación de recursos para o desenvolvemento de proxectos de I+D e transferencia alén 2022

Eixe 2.2: Equidade e diversidade

Descrición e obxectivos

Un dos trazos que mellor define ás sociedades democráticas é a preocupación por proporcionar un trato igualitario ás persoas tendo en conta a súa diversidade, e minguando as posibilidades de que as diferenzas se tornen en elementos sobre os cales construír prexuízos e exercer a discriminación ou marxinação. O coñecemento e a consideración das diferenzas existentes entre individuos e colectivos favorece un mellor axuste e benestar social e potencia as posibilidades de realización persoal.

O comportamento das persoas pode variar de xeito prototípico en virtude de características como a idade ou xeración, a identidade de xénero ou orientación sexual, a etnia ou orixe cultural, a ideoloxía ou o estado de saúde. Así mesmo, o impacto das peculiaridades do comportamento do individuo varía coas

características do contexto social no que se produce e que van cambiando en virtude dos factores que o condicionan. **Coñecer este sistema complexo de relacións entre o individuo e o contexto social é básico para artellar e propoñer políticas que favorezan a igualdade de trato e oportunidades e promovan o benestar psicolóxico das persoas en toda a súa diversidade.**

No contexto deste eixo, a axenda inclúe liñas de traballo centradas na perspectiva de xénero aplicada á investigación psicolóxica, particularmente nos campos da linguaxe e do desenvolvemento ao longo do ciclo vital. Así mesmo, unha das áreas priorizadas neste eixo será o axuste psicosocial en períodos críticos do desenvolvemento, como a idade emerxente e o envellecemento.

Principais capacidades

Táboa 30. Principais capacidades en equidade e diversidade

Liñas de investigación	Equipo	
Perspectiva de xénero na investigación sobre a linguaxe e o desenvolvemento	10 IP	12 inv.
Axuste psicosocial en períodos vitais críticos: idade emerxente e envellecemento		
Principais publicacións		
Tinajero, C., Cadaveira, F., Rodríguez, M. S., & Páramo, M. F. (2019). Perceived social support from significant others among binge drinking and polyconsuming Spanish university students. <i>International Journal of Environmental Research and Public Health</i> , 16(22), 4506. https://doi.org/10.3390/ijerph16224506		
Tinajero, C., Martínez-López, Z., Rodríguez, M.S., & Páramo, M.F. (2020). Perceived social support as a predictor of academic success in Spanish university students. <i>Anales de Psicología</i> , 36(1), 134-142. https://doi.org/10.6018/analesps.344141		
Principais proxectos activos alén 2022	Total captado I+D: 635K€ *	
Representación y procesamiento del género gramatical: efectos fonológicos y léxico-semánticos en la congruencia y la concordancia de género (PEICTI: Generación de conocimiento 2019. Proyectos de investigación orientada)		
Factores asociados al ajuste y el progreso académico en la adolescencia. El papel del apoyo social percibido y la autorregulación del aprendizaje (PEICTI: Generación de conocimiento 2021. Proyectos de investigación orientada)		

* Captación de recursos para o desenvolvemento de proxectos de I+D e transferencia alén 2022

Eixe 2.3: Sociedade cambiante

Descrición e obxectivos

Nos últimos anos encadeáronse unha serie de acontecementos que afectaron significativamente ao funcionamento das nosas sociedades e ás vidas dos cidadáns, como a crise económica de 2008, a pandemia da COVID-19 ou a invasión de Rusia a Ucraína. Estas situacións supoñen estresores que, ademais de afectar as condicións de vida das persoas, inflúen na participación da cidadanía na vida pública, ben sexa para demandar ou evitar cambios, ou para illarse da participación sociopolítica. Unha constatación disto son os informes nacionais e internacionais sobre o auxe da mobilización colectiva, o incremento da polarización social e os elevados niveis de desafección política. A participación da cidadanía pode adoptar múltiples formas, dende as pacíficas e máis institucionais

até as máis transgresoras do marco democrático. As Nacións Unidas corroboran unha tendencia alcista do extremismo político, chegando a declarar que nos atopamos ás portas dunha “pandemia de odio” que ameaza a convivencia pacífica das sociedades democráticas (Nacións Unidas, 2020). De aí a importancia de mellorar a **comprensión da participación da cidadanía na vida política, e así facilitar o desenvolvemento de estratexias para previr e intervir diante de posibles ameazas á convivencia social.**

Principais capacidades

Táboa 31. Principais capacidades en sociedade cambiante

Liñas de investigación	Equipo	
Participación cidadá en contextos de crise	2 IP	2 inv.
Procesos psicosociais preditores do extremismo político		
Principais publicacións		
Dono, M., Alzate, M., & Sabucedo, J.M. (2021). Predicting collective action in a secessionist context: Different motives for two opposed stances. <i>Frontiers in Psychology</i> , 12, 700530. https://doi.org/10.3389/fpsyg.2021.700530		
Sabucedo, J. M., Dono, M., Grigoryev, D., Gómez-Román, C. & Alzate, M. (2019). Axiological-Identitary Collective Action Model (AICAM): A new integrative perspective in the analysis of protest. <i>PLoS One</i> 14(6), e: 0218350. https://doi.org/10.1371/journal.pone.0218350 .		
Principais proxectos activos alén 2022	Total captado I+D: 63K€ *	
Extremismo político en tempos de crisis: factores preditores y estrategias de desincentivación. (PEICTI: Generación de conocimiento 2022. Proxectos de investigación no orientada)		

* Captación de recursos para o desenvolvemento de proxectos de I+D e transferencia alén 2022

5.3. Reto 3: Contribuír á sociedade dixital e á sostibilidade

Eixe 3.1: Ferramentas dixitais (e-Health) para avaliación e intervención psicolóxica

Descrición e obxectivos

A saúde dixital é un campo emerxente que utiliza as Tecnoloxías da Información e as Comunicacions (TIC) para a abordaxe de necesidades relacionadas coa saúde. O uso de ditas ferramentas dixitais no ámbito da saúde en xeral é coñecido como *e-health*, e ten demostrado a súa utilidade, supoñendo un avance importante. Estas ferramentas permiten aos profesionais da psicoloxía acceder a unha ampla gama de recursos e técnicas que facilitan o proceso de avaliación e intervención. Ditos recursos abranguen dende ferramentas dixitais para o seguimento e detección da sintomatoloxía, ata videoxogos, plataformas web ou aplicacións móbiles para proporcionar recursos para a avaliación e intervención psicolóxica para unha diversidade de problemas.

O uso das ferramentas dixitais como recurso para a avaliación e intervención psicolóxica ten unha serie de vantaxes como o seu amplo alcance, a capacidade

de estandarizar contido baseado na evidencia científica, adaptarse a grupos específicos de poboación e ter un custo reducido en comparación coa avaliación e intervención tradicionais. Con todo, tamén teñen limitacións asociadas, como dificultades para establecer a relación entre paciente e terapeuta ou cuestións éticas e legais respecto ao uso e acceso aos datos. Polo tanto, resulta fundamental continuar investigando a **utilidade, eficacia e custo-eficiencia das ferramentas dixitais dispoñibles, tanto no ámbito da avaliación como da intervención, ao servizo dos diferentes ámbitos da psicoloxía**. Dentro dos campos da avaliación dixitalizada priorizábase o deseño de recursos dirixidos aos ámbitos infanto-xuvenil e do envellecemento, baseados nas posibilidades que ofrece a intelixencia artificial. Dentro dos campos da intervención dixitalizada, abordábase a xeración de estratexias novas para abordar dificultades psicolóxicas e de adaptación social que emerxen en diferentes momentos do ciclo vital.

Principais capacidades

Táboa 32. Principais capacidades en Ferramentas dixitais (e-Health) para avaliación e intervención psicolóxica

Liñas de investigación	Equipo	
Avaliación dixitalizada	10 IP	8 inv.
Intervención psicolóxica con ferramentas dixitais		

Principais publicacións

López-Durán, A., Becoña, E., Senra, C., Suárez-Castro, D., Barroso-Hurtado, M., & Martínez-Vispo, C. (2022). A randomized clinical trial to assess the efficacy of a psychological treatment to quit smoking assisted with an app: Study protocol. *International Journal of Environmental Research and Public Health*, 19, 9770. <https://doi.org/10.3390/ijerph19159770>

Nieto-Vieites, A., Mallo, S.C., Pérez-Blanco, L., Felpete-López, A., Lojo-Seoane, C., Facal, D., Juncos-Rabadán, O. & Pereiro, A.X. (2023). A narrative video game for adults with subjective and objective cognitive impairment. Design and preliminary results on user-interaction and efficacy. *Behaviour & Information Technology*, <https://doi.org/10.1080/0144929X.2023.2220042>

Principais proxectos activos alén 2022

Total captado I+D: 316 K€*

Problemas de conducta y emocionales en la niñez: Análisis de competencias emocionales e interpersonales a través del procesamiento del lenguaje natural. (PEICTI: Proxectos Estratéxicos Orientados a la Transición Ecolóxica y a la Transición Digital 2021)

Ensayo clínico aleatorizado para la evaluación de la eficacia de un tratamiento psicológico para dejar de fumar con el apoyo de una App. (PEICTI: Retos investigación 2019)

* Captación de recursos para o desenvolvemento de proxectos de I+D e transferencia alén 2022

Eixe 3.2. Custo-eficiencia da prevención e intervención psicolóxica

Descrición e obxectivos

A prevención e o tratamento baseados na teoría, a investigación e a práctica psicolóxica poden xerar resultados de alto valor en relación aos recursos investidos. En moitos casos, os impactos acadados mesmo superan aos obtidos por outros medios e, a miúdo, con custos máis baixos. A avaliación continua da efectividade e eficiencia dos programas e servizos psicolóxicos é, polo tanto, fundamental para garantir a súa calidade e o seu éxito. A recompilación de datos e a investigación constante desempeñan un papel esencial neste proceso, xa que permiten identificar

os enfoques máis efectivos e eficientes, así como identificar os axustes e melloras necesarias nas intervencións.

Para determinar se unha intervención é rendible, a investigación considera unha serie de factores sociais e asigna un valor que indica a probable contribución ou gasto futuro dunha persoa para a comunidade. En esencia, existen enfoques de medición que consideran tanto os custos directos (p. ex., consultas médicas) como os custos indirectos (p. ex., a perda de produtividade laboral debido á enfermidade ou ao tratamento). Porén, **a investigación psicolóxica sobre o custo-eficiencia da prevención e a intervención non se reduce á contabilidade financeira convencional, senón que tamén considera os custos e o valor social extra financeiro, como o valor ambiental, social e económico para o conxunto da sociedade.** É dicir, procura maximizar os resultados positivos e optimizar o uso dos recursos dispoñibles para promover contornos saudables, reducir a estigmatización e garantir que todas as persoas teñan a mesma oportunidade de acceder á atención psicolóxica que necesitan.

Unha das liñas que configuran este eixo ocúpase da diseminación de programas preventivos nas primeiras etapas do desenvolvemento humano; neste sentido, estúdanse as mellores fórmulas para implementar, de modo sostible, programas capaces de reducir o impacto persoal, económico e social que presentan, a longo prazo, os problemas infanto-xuvenís. Inclúese tamén neste eixo o estudo da eficacia, efectividade e rendibilidade das intervencións levadas a cabo en contextos organizacionais. Dun modo máis xeral, un piar da investigación neste eixo é o desenvolvemento de recursos específicos para a avaliación das intervencións, atendendo non só á eficacia, senón tamén a criterios de viabilidade, eficiencia e valor social.

Principais capacidades

Táboa 33. Principais capacidades en custo-eficiencia da prevención e intervención psicolóxica

Liñas de investigación	Equipo
Diseminación eficiente de programas infanto-xuvenís	
Eficacia, efectividade e rendibilidade das intervencións organizacionais para a prevención dos riscos psicosociais e a promoción da saúde no traballo	5 IP 2 inv.
Avaliación de programas preventivos: Custe-eficiencia e valor social	
Principais publicacións	
Cutrín, O., Kulis, S., Maneiro, L., MacFadden, I., Navas, M.P., Alarcón D., Gómez-Fraguela, J.A., Villalbac, C., & Marsiglia, F.F. (2021), Effectiveness of the Mantente REAL program for preventing alcohol use in Spanish adolescents. <i>Psychosocial Intervention</i> , 30(3), 113-122. https://doi.org/10.5093/pi2020a19	
Marsiglia, F. F., Kulis, S. S., Cutrín, O., Medina-Mora, M. E., Real, T., Nuño-Gutiérrez, B. L., ... & Alcalá-Calvillo, D. (2022). The feasibility, acceptability, and utility of Mantente REAL: The culturally adapted version of keepin'it REAL for Mexico. <i>Prevention Science</i> , 23(8), 1483-1494. https://doi.org/10.1007/s11121-022-01409-w	
Principais proxectos activos alén 2022	Total captado I+D: 260K€*
Heterogeneidad en los problemas de conducta: estudio longitudinal de los perfiles, determinantes y confluencias con los problemas emocionales durante la niñez. (PEICTI: Retos investigación 2019)	
Estrategia para la diseminación del programa de prevención EmPeCemos: Desarrollo y evaluación de una aproximación multinivel" (Plan Nacional sobre Drogas)	

* Captación de recursos para o desenvolvemento de proxectos de I+D e transferencia alén 2022

Eixe 3.3: Fendas dixitais e lingüísticas

Descrición e obxectivos

As fendas dixitais e lingüísticas afectan á igualdade e á participación social, particularmente en relación coa tecnoloxía e a comunicación. No caso das primeiras, algunhas persoas poden non ter acceso aos dispositivos e/ou infraestruturas esenciais para beneficiarse das oportunidades das TICs. Por outra banda, aínda tendo acceso, poden carecer das habilidades e competencias necesarias para “moverse” no mundo dixital e acceder a información, ferramentas e servizos seguros e de calidade.

As fendas lingüísticas afectan tamén ás persoas que, por algunha razón, non dominan as linguas que se empregan habitualmente no seu contexto social e/ou educativo. Isto inclúe non só a persoas migrantes, senón tamén a traballadores doutras comunidades autónomas ou estranxeiros que se incorporan a empresas e institución galegas.

Aínda hoxe, a situación do galego en relación co castelán é en si mesma unha fenda á vez dixital e lingüística. A investigación psicolingüística que se realiza no marco do IPsiUS non se limita ao castelán, senón que nela teñen cabida investigacións noutras linguas, como o galego e o portugués, cun importante foco nos estudos con individuos bilingües e plurilingües -hoxe máis a norma que a excepción- e dende unha perspectiva de xénero.

A actividade investigadora neste eixo enfócase ao desenvolvemento de léxicos, glosarios e outras ferramentas dixitais dispoñibles nas outras linguas do estado que faciliten a investigación psicolingüística en lingua galega. Algúns destes instrumentos serán adaptados ao galego en colaboración con membros do Instituto da Lingua Galega da USC. Así mesmo, prevese adaptar á lingua propia de Galicia algúns cuestionarios amplamente empregados en Psicoloxía, así como instrumentos de avaliación psicolóxica que necesariamente deben aplicarse na lingua nai das persoas. Ademais, inclúese neste eixo a formación en innovación orientada a profesionais que atenden a adultos maiores.

Principais capacidades

Táboa 34. Principais capacidades en fendas dixitais e lingüísticas

Liñas de investigación	Equipo
Estudos psicolingüísticos en Galicia	
Fendas dixitais no envellecemento: Innovación na formación especializada para a atención a adultos maiores	3IP 3 inv.

Principais publicacións

Aguilar-Mediavilla, E., Pérez-Pereira, M., Serrat-Sellabona, E. & Adrover-Roig, D. (2022), Introduction to language development in children: Description to detect and prevent language difficulties. *Children* 9(3), 412. <https://doi.org/10.3390/children9030412>

Sá-Leite, A. R., Luna, K., Fraga, I. & Comesaña, M. (2020). The gender congruency effect across languages in bilinguals: A meta-analysis. *Psychonomic Bulletin & Review*, 27, 677-693. <https://doi.org/10.3758/s13423-019-01702-w>

Principais proxectos activos alén 2022	Total captado I+D: 288 K€*
Representación y procesamiento del género gramatical: efectos fonológicos y léxico-semánticos en la congruencia y la concordancia de género. (PEICTI: Generación de conocimiento 2019)	
HEI Consortium INnoVation and ENTrepreneurship in HEIs (INVENTHEI) [HEI Initiative – Innovation Capacity Building for Higher Education]	

* Captación de recursos para o desenvolvemento de proxectos de I+D e transferencia alén 2022

5.4. Eixe transversal: Procesos cognitivos e afectivos

Descrición e obxectivos

Os procesos psicolóxicos son as actividades cognitivas e afectivas que teñen lugar na mente humana, que nos permiten procesar, organizar, almacenar e utilizar a información que recibimos do contorno. O estudo dos procesos psicolóxicos é fundamental para comprender o funcionamento da mente e o comportamento humanos. Dun xeito relativamente simplificado, e seguindo en certa medida as etapas do procesamento da información desde a entrada da mesma ao sistema ata a súa utilización tanto na actividade mental interna como no comportamento cara o exterior, os procesos psicolóxicos fundamentais serían a percepción, a atención, a aprendizaxe, a memoria, a produción e a comprensión da linguaxe, e o pensamento, complementados todos eles pola motivación e as emocións.

A interacción e a integración destes procesos permítennos percibir, pensar, recordar, comunicarnos, emocionarnos e comportarnos dunha maneira adaptada ao noso contorno. Desde a perspectiva da análise funcional, **os dous procesos que teñen un maior peso na axenda científica son a aprendizaxe e o control cognitivo e o procesamento da linguaxe. O estudo destes procesos complementase coa caracterización neurocognitiva de outros como a atención, a memoria, as funcións executivas e a súa modulación emocional.**

A investigación básica en psicoloxía céntrase na obtención de coñecementos científicos sobre o funcionamento destes procesos, e coñecer como funcionan é imprescindible para calquera aplicación práctica da psicoloxía, polo que este eixo sitúase como transversal ao conxunto da axenda.

Principais capacidades

Táboa 35. Principais capacidades en procesos cognitivos e afectivos

Liñas de investigación	Equipo
Procesos de aprendizaxe e control cognitivo	
Procesamento da linguaxe	12 IP 16 inv.
Caracterización neurocognitiva de procesos psicolóxicos	

Principais publicacións

Jiménez, L., Méndez, C., Abrahamse, E., & Braem, S. (2021). It is harder than you think: On the boundary conditions of exploiting congruency cues. *Journal of Experimental Psychology: Learning, Memory, and Cognition*, 47(10), 1686–1704. <https://doi.org/10.1037/xlm0000844>

Suárez-Suárez, S., Rodríguez Holguín, S., Cadaveira, F., Nobre, A.C. , & Doallo, S. (2019). Punishment-related memory-guided attention: Neural dynamics of perceptual modulation. *Cortex*, 115, 231-245. <https://doi.org/10.1016/j.cortex.2019.01.029>

Principais proxectos activos alén 2022	Total captado I+D: 1,5 K€*
Identificación temprana del riesgo de demencia con marcadores neurofuncionales, neuroestructurales, genéticos, bioquímicos, en un estudio longitudinal sobre declive cognitivo subjetivo. (PEICTI: Retos investigación 2020)	
Construyendo el control cognitivo: el papel del aprendizaje en la modulación del control. (PEICTI: Retos investigación 2020)	

* Captación de recursos para o desenvolvemento de proxectos de I+D e transferencia alén 2022

Táboa 36. Axenda científica do IPSiUS

Reto 1	R1. Promover saúde e benestar
Eixo 1	R1.E1. Envellecemento saudable
Liña 1	R1.E1.L1. Caracterización cognitiva, neurocognitiva e condutual do proceso de envellecemento
Liña 2	R1.E1.L2. Identificación temperá de marcadores bio-psico-sociais e de factores de risco no envellecemento patolóxico
Liña 3	R1.E1.L3. Desenvolvemento de instrumentos de avaliación e de programas innovadores de intervención para persoas maiores
Eixe 2	R1.E2. Intervención en procesos de enfermidade
Liña 1	R1.E2.L1. Calidade de vida e intervención psicolóxica na enfermidade física
Liña 2	R1.E2.L2. Intervención neuromodulatoria en procesos de enfermidade
Eixo 3	R1.E3. Condutas de risco e adiccións
Liña 1	R1.E3.L1. Mecanismos etiolóxicos das condutas de risco
Liña 2	R1.E3.L2. Consecuencias neurocognitivas, psicosociais e psicopatolóxicas das condutas adictivas
Liña 3	R1.E3.L3. Prevención das condutas de risco e adiccións
Liña 4	R1.E3.L4. Tratamento psicolóxico das adiccións
Reto 2	R2. Desenvolver sociedades inclusivas e diversas
Eixo 1	R2.E1. Vulnerabilidade psicosocial e resiliencia
Liña 1	R2.E1.L1. Fraxilidade, reserva e resiliencia en persoas maiores
Liña 2	R2.E1.L2. Exclusión/inclusión e adaptación social en menores vulnerables
Eixo 2	R2.E2. Equidade e diversidade
Liña 1	R2.E2.L1. Perspectiva de xénero na investigación sobre a linguaxe e o desenvolvemento
Liña 4	R2.E2.L2. Axuste psicosocial en períodos vitais críticos: adultez emerxente e envellecemento
Eixo 3	R2.E3. Sociedade cambiante
Liña 1	R2.E3.L1. Participación cidadá en contextos de crise
Liña 2	R2.E3.L2. Procesos psicosociais preditores do extremismo político
Reto 3	R3. Contribuír á sociedade dixital e á sostibilidade
Eixo 1	R3.E1. Ferramentas dixitais (e-Health) para avaliación e intervención psicolóxica
Liña 1	R3.E1.L1. Avaliación dixitalizada
Liña 2	R3.E1.L2. Intervención psicolóxica con ferramentas dixitais
Eixo 2	R3.E2. Custo-eficiencia da prevención e intervención psicolóxica
Liña 1	R3.E2.L1. Diseminación eficiente de programas infanto-xuvenís
Liña 2	R3.E2.L2. Eficacia, efectividade e rendibilidade das intervencións organizacionais para a prevención dos riscos psicosociais e a promoción da saúde no traballo
Liña 3	R3.E2.L3. Avaliación de programas preventivos: Custe-eficiencia e valor social
Eixo 3	R3.E3. Fendas dixitais e lingüísticas
Liña 1	R3.E3.L1. Estudos psicolingüísticos en Galicia
Liña 2	R3.E3.L2. Fendas dixitais no envellecemento: Innovación na formación especializada para a atención a adultos maiores
Eixo tr	RT.ET. Procesos cognitivos e afectivos
Liña 1	RT.ET.L1. Procesos de aprendizaxe e control cognitivo
Liña 2	RT.ET.L2. Procesamento da linguaxe
Liña 3	RT.ET.L3. Caracterización neurocognitiva de procesos psicolóxicos

6. Estratexia institucional

A estratexia do IPsiUS para o período 2024-2027 estrutúrase en catro eixes: Desenvolvemento institucional, Investigación, Talento e Transferencia. Para cada un deles indícanse os obxectivos e describíense as accións previstas para o período.

6.1. Desenvolvemento institucional

Na etapa de lanzamento dun novo centro de investigación é prioritario asentar a creación e funcionamento das estruturas de goberno e xestión responsables de tomar as decisións estratéxicas e operativas para avanzar no cumprimento da súa misión e visión.

No período 2024 – 2027, establécese como obxectivo **poñer en marcha un sistema de goberno, xestión e organización áxil e eficiente que permita o logro dos obxectivos científicos e de dinamización previstos para o período**. Un sistema flexible e escalable, adecuado ás capacidades económicas e organizativas do instituto, que poida ir adaptándose á súa evolución, especialmente no que se refire ao desenvolvemento do seu proxecto científico. A instauración deste sistema suporá a toma de decisións e o desenvolvemento de procedementos e prácticas relativas a, entre outros, os seguintes aspectos: a implantación do modelo de organización científica acorde á axenda de investigación, a asignación de recursos para soporte á xestión ou a creación de novos mecanismos de asesoramento externo e vinculación coa sociedade. Inclúense ademais neste eixe os aspectos relacionados co posicionamento de marca do IPsiUS a nivel interno, ante outras institucións científicas no campo da Psicoloxía e os seus grupos de interese.

Por outra banda, será esencial neste período construír a identidade organizativa, non só visualmente, senón, tamén, asentando os valores e a cultura de traballo que definan a esencia do instituto. Por iso, no primeiro ciclo estratéxico é necesario facer énfase na creación de comunidade, na cohesión dun equipo capaz de levar adiante un proxecto científico común.

Neste sentido, propónse un plan de acción institucional cuxos obxectivos operativos e as accións previstas para alcanzalos son os seguintes:

O1. Implementar a estrutura de goberno e organización

A1. Elaboración, aprobación e implementación da normativa interna para a xestión

Esta acción engloba o desenvolvemento do marco normativo do instituto cuxa norma principal é o Regulamento de Réxime Interno, pero que inclúe todas aquelas

normativas ou políticas que os órganos de goberno estimen necesarias (p.ex., sistema de avaliación do desempeño, incentivos, uso de espazos).

A2. Constitución dos órganos de xestión e goberno

Constitución formal, inicio de actividade e avaliación dos mecanismos de goberno, así como dos procedementos ligados á súa xestión e dinamización (p. ex., calendarios de funcionamento, modelos de carta de convocatoria, de orde do día, de actas de celebración de reunións, de informe de recomendacións). Inclúense aquí as prácticas adoptadas para avaliar o seu funcionamento e o grao de cumprimento dos obxectivos para o que foron creados (p. ex., grao de participación, implicación de participantes, adecuación das recomendacións realizadas).

Os órganos de goberno e xestión do IPsiUS foron descritos no apartado 4 e inclúen: xunta de goberno, consello científico, dirección e comisión asesora científica externa.

O2. Adoptar un modelo de xestión viable que procure a sostibilidade

A3. Definición e implantación do modelo e a estrutura de xestión para a dinamización e a captación de fondos

Como se indica na análise DAFO, unha das ameazas que afronta o IPsiUS é o acceso a financiamento basal que permita a dotación de servizos de xestión e soporte para a dinamización de centro no próximo cuatrienio.

Neste sentido, esta acción enfócase á toma de decisións sobre o modelo de xestión que adoptará o instituto durante a etapa de lanzamento.

Como se indicou no apartado 4, para empezar a funcionar crearanse catro unidades organizativas orientadas polos eixes da estratexia institucional, desde as que se coordinará a execución da mesma.

A medida que o proxecto avance, e en función do orzamento dispoñible, analizaranse as fórmulas organizativas ao alcance do IPsiUS: asignación de tarefas a persoal investigador vinculado ao centro en función da súa experiencia, interacción coas áreas de servizos da USC para a obtención de soporte na xestión, asignación de orzamento dos grupos de investigación para a contratación de persoal de xestión, subcontratación puntual de servizos especializados, etc.

A4. Plan de captación de fondos

No contexto actual, priorizar a captación de fondos é esencial para o desenvolvemento do proxecto institucional, o que conlevará:

- Identificación de necesidades de financiación de acordo ao Plan Operativo Anual (ver Acción 5).
- Identificación sistemática de fontes de financiamento públicas e privadas ás que poida acceder o instituto para atender ás distintas necesidades (p. ex., actividade científica, captación de talento, desenvolvemento institucional, proxección externa).
- Establecemento de obxectivos e definición de instrumentos prioritarios.

- Determinación de capacidades para o acceso aos fondos definidos como prioritarios (p. ex., coordinación interna baseada na experiencia previa cos instrumentos, subcontratación de servizos).
- Definición de procedementos para sistematizar a captación de fondos, tales como: celebración de reunións periódicas coa área de xestión da USC, elaboración e difusión de bases de datos de fontes de financiamento, e creación de equipos de traballo para a tramitación de axudas.

A5. Plan Operativo Anual (POA)

Partindo do presente plan de acción, así como dos resultados da monitorización e avaliacións anuais, no último trimestre de cada ano seleccionaranse as accións a desenvolver para o seguinte exercicio. Para cada unha delas identificarase o responsable, o prazo orientativo de desenvolvemento e o orzamento que se lle imputa. O plan operativo anual será presentado pola dirección á Xunta de Goberno para a súa aprobación.

O3. Dotar ao instituto de sede física e de equipamentos

A6. Supervisión da implantación do plan de espazos

O Instituto ten definidas as súas necesidades en termos de espazos e instalacións, incluíndo laboratorios que deberán ser reacondicionados e resituados, salas de avaliación e intervención, despachos, salas de reunión, salas de investigadores predoutorais e posdoutorais, e espazos de almacén de equipos, subministracións e arquivo. As necesidades e a proposta específica están xa a ser valoradas pola Comisión Xeral de Espazos da USC.

Esta acción refírese á supervisión da implantación do plan de espazos e a identificación de novas necesidades cara o futuro.

A7. Catálogo de equipamento e plan de investimento anual

Ligado ao Plan Operativo Anual, elaboración dun documento de planificación que recolla as necesidades de recursos materiais e equipamento e no que, coa información proporcionada polo plan de captación de fondos, identifique as posibles fontes de financiamento externas.

O4. Crear comunidade, establecer unha cultura colaborativa

A8. Plan de marca e comunicación

Como se describe ao longo deste plan de acción, o instituto pretende non só ser unha unidade de referencia no seu contorno científico, senón que se desenvolverá en intercambio constante coa sociedade e, por isto, a peza fundamental neste obxectivo será a formulación do plan de comunicación.

Dado que o IPsiUS é un instituto de nova creación, o primeiro plan de comunicación engloba as accións enfocadas a construír a identidade de marca e a lograr o seu recoñecemento e posicionamento, tanto interna como externamente, ante os colectivos que se identifiquen como grupos de interese (p. ex., USC, comunidade científica, administración pública, usuarios dos servizos do instituto, etc.).

Ademais, este plan incluírá accións orientadas a dar visibilidade ás actuacións e resultados do instituto a través dos medios de comunicación tradicionais, en colaboración co Gabinete de Comunicación da USC, e tamén a través da presenza e divulgación en redes sociais. Así mesmo, as actividades do instituto serán dadas a coñecer en foros temáticos (conferencias, ciclos monográficos, reunións especializadas) dirixidos tanto a profesionais como á poboación xeral. A colaboración co Colexio Oficial de Psicoloxía de Galicia será particularmente relevante. Estreitar o contacto cos profesionais da psicoloxía, contribuirá a:

- Identificar as necesidades específicas nos seus campos de actuación.
- Promover a colaboración entre a academia e o mundo profesional na propia investigación, para poder desenvolver traballos de maior relevancia e utilidade.
- Difundir os avances do instituto (coñecemento, ferramentas, protocolos) entre os profesionais que desempeñan o seu labor nos eidos clínico, educativo ou social, e potenciar así o impacto profesional do traballo realizado no instituto.

A9. Desenvolvemento da web

Na etapa de lanzamento, a canle principal para as accións de difusión do centro será a páxina web; ademais, desenvolverase unha intranet para facilitar a interacción entre os integrantes do instituto.

A10. Procesos de acollida de novo persoal

Un dos obxectivos estratéxicos do instituto é crear unha contorna atractiva para o desenvolvemento dunha carreira investigadora no campo da Psicoloxía. Búscase que, desde o momento da incorporación, as persoas se sintan como parte dunha comunidade con valores compartidos. Con este obxectivo, aínda que os procesos asociados á xestión do talento, caso da selección e contratación, recaerán nos servizos centrais da USC, planificaranse actividades concretas para facilitar a incorporación do novo persoal á comunidade do IPsiUS.

Nestas actividades está previsto empregar os recursos que a USC conta no cadro da estratexia [HRS4R](#) (p. ex., difusión do Código de Boas Prácticas de Investigación, da guía de selección e contratación), pero tamén desenvolver actividades propias como a realización dunha visita ao instituto no momento da incorporación, a elaboración dunha guía de benvida con información básica sobre o instituto ou a asignación de mentores de benvida para o persoal de nova incorporación.

A11. Sesións científicas periódicas e encontro anual

Un aspecto fundamental para a progresión do IPsiUS é lograr crear un sentido de comunidade, de forma que as persoas se coñezan e se relacionen persoal e profesionalmente, e se identifiquen co instituto de investigación no seu conxunto. Neste sentido é esencial nesta primeira etapa intensificar as actividades orientadas

a dar a coñecer as liñas de traballo e os proxectos dos integrantes do instituto. Con este obxectivo desenvolveranse actividades de contido científico como sesións expositivas con debate e obradoiros, de carácter periódico, e realizarase un encontro anual enfocado a presentar os principais logros e retos do centro.

A12. Política de equidade de xénero e accións de promoción

Tendo como referencia a estratexia de igualdade de oportunidades entre homes e mulleres da USC, a Unidade de desenvolvemento institucional definirá a política de equidade e diversidade do instituto e concretará as accións a desenvolver até 2027 co obxectivo de:

- Visibilizar o compromiso do IPsiUS coa equidade de xénero
- Garantir a equidade de xénero en todos os procesos xestionados polo instituto e promover a conciliación corresponsable
- Impulsar a introdución da perspectiva de xénero na actividade investigadora
- Detectar e actuar fronte a posibles situacións de discriminación

O5. Posicionar ao instituto en redes de colaboración científica

Este obxectivo desenvolverase principalmente a través do plan de marca e comunicación descrito na Acción 8. Dado que este plan pode estar supeditado á dispoñibilidade de orzamento específico, prevense dúas accións para lograr este obxectivo.

A13. Consolidación das relacións de colaboración xa existentes

Os integrantes do instituto contan cunha ampla rede de contactos e colaboracións derivada da súa traxectoria científica (ver punto Redes Científicas na sección 1.1). Considerando as prioridades da axenda científica, elaborárase unha relación de entidades chave e identificaranse os obxectivos da colaboración (p. ex., investigación, internacionalización, formación, divulgación). Nos casos nos que se estimen necesarios, asinaranse acordos para dotar de carácter formal as colaboracións consideradas máis estratéxicas.

Un dos retos que afronta o IPsiUS no período de planificación é a internacionalización, entendida como o incremento da participación en proxectos internacionais, principalmente H2020 e Interreg. Neste sentido é prioritario contar cunha rede de potenciais socios que podan facilitar a participación do IPsiUS nos proxectos que promovan. Esta rede abranguerá entidades internacionais, pero tamén entidades estatais e locais (p. ex., USC, Xunta de Galicia).

De xeito paralelo ao previsto na Acción 13, identificaranse os centros obxectivo e buscaranse as fórmulas máis axeitadas para establecer os necesarios contactos (p. ex., interacción nos congresos nos que se participe, participación en *info-days* e sesións de *networking* dos programas de interese, acceso directo). No caso dos centros da USC ou do Sistema Galego de I+D+i, contéplase a realización de visitas e/ou a organización de reunións.

6.2. Investigación

A análise das capacidades que sustentan o IPsiUS, así como a avaliación comparativa cos centros PsyRes, CIMCYC e CIPsi mostran a solidez e potencial do proxecto científico. Deixando aparte ao centro neerlandés, o IPsiUS rexistra valores en indicadores de excelencia, produción e impacto científicos que están ao mesmo nivel, ou que superan aos seus pares ibéricos. Ademais, *Psychiatry/Psychology* e *Neuroscience and Behaviour* son áreas destacadas ao medir o impacto normalizado, onde o IPsiUS rexistra valores por riba da media internacional.

Unha prioridade para o desenvolvemento do centro será despregar unha axenda aliñada cos principais retos sociais e de política científica nacional e internacional. Preténdese desempeñar unha investigación de excelencia, que, conxuntando perspectivas básicas e aplicadas, e beneficiándose das sinerxías e logros previos dos grupos que compoñen o instituto, poida incrementar a súa potencialidade e o seu impacto científico e social.

O fortalecemento da colaboración interna, o impulso á actividade internacional a partir da experiencia actual e a adopción de políticas de fomento da ciencia aberta son procesos que o IPsiUS abordará xa no seu primeiro ciclo estratéxico.

O6. Mellorar a calidade e o impacto dos resultados da investigación

A14. Servizos de soporte á xestión de proxectos

Para incrementar a captación de recursos para o desenvolvemento da actividade de I+D e transferencia, é preciso realizar unha busca sistemática das fontes de financiación, difundir a información ao persoal investigador –de convocatoria e de tramitación- e dar soporte na preparación das candidaturas.

Na etapa de lanzamento, o instituto non contará con persoal especializado para dar soporte á xestión, polo que a táctica basearase en apoiarse nos servizos de investigación da USC, en seleccionar as convocatorias prioritarias e na decisión caso a caso das fórmulas para acceder ao soporte que se precise (p. ex., subcontratar servizos de apoio; acceder a servizos gratuítos proporcionados dende entidades públicas como Xunta de Galicia ou FECYT; crear unha rede interna de expertos; organizar actividades internas de intercambios de experiencias; elaborar guías ou protocolos de boas prácticas, etc.). A medida que se consigan recursos valorarase a contratación de persoal de soporte para a creación dunha unidade de xestión de proxectos.

A15. Seguimento das medidas e iniciativas de reforma da avaliación da investigación

A raíz da publicación da “Declaration On Research Assessment” (DORA)³¹ en 2012, e do Manifesto de Leiden³² en 2015, a comunidade científica internacional iniciou un movemento que está a impulsar a revisión das prácticas de avaliación da

³¹ <https://sfdora.org/about-dora/>

³² <http://www.leidenmanifesto.org/>

investigación para dar máis relevancia a factores cualitativos, no canto de fiar a valoración unicamente a métricas cuantitativas tradicionais (p. ex., publicacións Q1, D1, citas). Na Unión Europea este movemento propiciou a creación, en 2022, da “Coalition for Advancing in Research Assessment” (CoARA)³³ que está a traballar na implementación destas melloras.

Dende o IPsiUS instarase á USC³⁴ a asinar este acordo e seguirase a súa actividade para adoptar prácticas que permitan consolidar o impacto e a calidade científica.

O Consello Científico será o encargado de seguir os avances que se vaian producindo neste ámbito e difundirá e impulsará no instituto as boas prácticas de avaliación que se vaian establecendo na comunidade científica.

A16. Incremento das publicacións en colaboración internacional

A participación en proxectos internacionais traerá consigo a co-autoría de traballos con grupos doutros países. Non obstante, xustamente para mellorar as posibilidades de éxito en convocatorias competitivas internacionais e incrementar o alcance e o impacto das publicacións, cómpre impulsar, desde o principio, a colaboración con grupos doutros países, de forma que se vaia afianzando un tecido de traballo conxunto, que avale as posibilidades de coordinación en futuras convocatorias, e se mellore o posicionamento das publicacións do instituto. A promoción de visitas, estadias, seminarios especializados e encontros con grupos internacionais afíns ás liñas do instituto serán vías para que a colaboración en publicacións compartidas sexa consolidada. O impulso ao persoal en formación para participar nestas actividades será esencial para reforzar a cultura de colaboracións e publicacións conxuntas con outros grupos.

O7. Impulsar a internacionalización da actividade científica

A internacionalización da actividade científica pasa necesariamente polo incremento da participación en proxectos internacionais, sociedades científicas, foros, grupos de traballo, etc. Tres accións recollidas anteriormente enfócanse ao logro deste obxectivo: a Acción 12, relativa á consolidación e creación de redes de contactos con socios estratéxicos, na que se priorizará a identificación de socios que poidan facilitar o acceso a proxectos internacionais; a Acción 13, que contempla os servizos de soporte á xestión de proxectos, incluídos os internacionais; e a Acción 15, relativa á colaboración internacional nas publicacións.

A17. Presenza en foros internacionais

Unha vez identificadas as convocatorias internacionais prioritarias, fomentarase a participación sistemática nos seus eventos de difusión, tanto en liña como de xeito presencial: *info-days*, sesións formativas, eventos de networking, etc. Trátase así de aproximarse aos National Contact Points (NCPs) ou persoas responsables das distintas convocatorias, de crear e fornecer redes de contacto e de acceder á información de valor sobre as convocatorias de interese. Neste sentido potenciarase

³³ <https://coara.eu/>

³⁴ Na data da elaboración deste plan a Universidade de Vigo é a única entidade do SUG que participa de CoARA.

a participación dos integrantes do IPsiUS como avaliadores ou expertos das convocatorias obxectivo, tales como Horizon Europe.

A18. Presentación de candidaturas ao ERC

Unha das oportunidades que ofrece o Sistema Galego de I+D+i ás entidades de investigación é o apoio á presentación de candidaturas ao European Research Council (ERC) e o apoio económico para finalistas e gañadores (Programa Oportunius). A USC conta tamén con axudas internas para a solicitude destes proxectos.

Os proxectos do ERC serán prioritarios unha vez o instituto conte cos mínimos apoios necesarios para a xestión de proxectos.

A Comisión Asesora Científica Externa será requirida para a identificación de persoas candidatas no elenco investigador do IPsiUS e da súa rede de contactos, e buscarase o apoio do Programa Oportunius para a preparación das propostas.

A19. Promoción da mobilidade bidireccional do persoal investigador

Co obxectivo de consolidar contactos internacionais que poidan representar unha oportunidade para o desenvolvemento de proxectos, facilitarase a realización de estadías do persoal do IPsiUS nas entidades identificadas na Acción 12, así como a realización de estadías ou visitas do persoal destas entidades ao instituto.

A20. Presenza institucional e posicionamento do IPsiUS

Esta acción oriéntase a promover que o persoal científico do instituto participe en foros (p. ex., comités editoriais de revistas, sociedades científicas) de interese estratéxico relacionados cos campos disciplinares. Búscase, deste xeito, mellorar o posicionamento do instituto coma unha entidade de referencia.

O8. Crear sinerxías entre as liñas de investigación do IPsiUS

Un dos principais ámbitos a reforzar coa posta en marcha do instituto é a colaboración efectiva entre os seus integrantes, unha colaboración con impacto nos indicadores de desempeño do instituto. A creación destas sinerxías promoverase de maneira indirecta coas medidas orientadas á creación de comunidade e cultura de centro que se recollen no obxectivo 4. Ademais, poranse en marcha medidas específicas orientadas a impulsar a colaboración interna. Unha acción relevante para o logro deste obxectivo é a Acción 11 relativa a organización sistemática de sesións científicas e un encontro anual. A Acción 20 proponse para materializar as oportunidades de colaboración que xurdan destas accións.

A21. Promoción da colaboración científica

A axenda científica recolle liñas de traballo nas que converxen capacidades de distintos integrantes do IPsiUS. Nalgúns casos existe xa a experiencia da colaboración interna e cóntase coas dinámicas para a súa materialización en

proxectos, pero noutros casos é necesario converter esa potencialidade nunha oportunidade de colaboración efectiva.

As actividades para propiciar o impulso destas sinerxías están moi condicionadas pola dispoñibilidade de recursos para a dinamización do centro. Unha medida desexable será a creación dun programa interno para o deseño de proxectos cooperativos asignándolles un pequeno orzamento.

Mentres non se dispón destes fondos, esta actividade enfocarase como unha continuación da Acción 11. Nas sesións científicas identificaranse as oportunidades de colaboración e, a través da Acción 20, promoverase a realización de reunións para definir en que tipo de accións poden materializarse as devanditas sinerxías (p. ex., codirección de teses, colaboración en proxectos, aportación de datos, publicacións).

O9. Definir políticas para a adopción de boas prácticas no deseño e difusión da investigación baixo os principios da ciencia en aberto

A22. Promoción da adhesión da actividade investigadora aos principios de transparencia

A adopción dos principios da Ciencia Aberta implica un cambio estrutural na maneira de concibir a investigación e a difusión dos seus resultados. Afecta ás publicacións mesmas, pero tamén aos datos, metodoloxías, procesos e á relación coa cidadanía.

A primeira acción para promover a adopción de prácticas de Ciencia Aberta supón a realización dunha análise da situación de partida do instituto e a definición dunha política para a súa adopción dun xeito gradual e acorde a súa evolución. Neste exercicio, identificaranse boas prácticas que podan ser estendidas ao conxunto da organización e proporanse as medidas básicas, tales como o pre-registro de protocolos ou o uso de repositorios.

A23. Elaboración dun protocolo para os plans de xestión de datos

Avanzando na dirección indicada na Acción 21, contéplase aquí a elaboración dun protocolo relativo ás actividades de recompilación, organización, preservación, acceso e publicación dos datos utilizados nos proxectos de investigación. Este protocolo desenvolverase aplicando os principios [FAIR](#) (*Findability, Accessibility, Interoperability and Reuse of digital assets*).

A24. Promoción da publicación en aberto, en medios adheridos á declaración DORA

De acordo cos principios das boas prácticas no deseño e difusión da investigación, no centro priorizarase a publicación en editoriais e revistas que xa se teñen comprometido coa declaración DORA, procurando ir máis alá das métricas tradicionais para a valoración da proxección e relevancia dos traballos, e potenciando a transparencia do proceso de investigación. Ademais, tamén se impulsará a difusión da investigación en aberto, sen restricións para a lectura por parte da sociedade e da comunidade científica, co uso de repositorios institucionais (p. ex., Minerva) ou temáticos (p. ex., PsyarXiv). Os integrantes do instituto poderán beneficiarse tamén das axudas que o Consorcio Interuniversitario do Sistema Universitario de Galicia (CISUG) ten asinado con diversas editoriais científicas para facilitar o pago de taxas

de publicación, así como das convocatorias de axudas para publicación en acceso aberto convocadas pola propia USC.

6.3. Talento

O talento científico constitúe o principal activo nunha organización de investigación. A aspiración do IPsiUS é crear un contorno atractivo para o desenvolvemento dunha carreira investigadora, que posicione ao instituto coma unha referencia na promoción do talento científico. Esta meta engloba a promoción da equidade de xénero: visibilidade, conciliación, inclusión da perspectiva de xénero na actividade investigadora, etc.

A actuación do IPsiUS está condicionada pola súa pertenza á USC e ás súas políticas de xestión de talento. A acreditación HRS4R que ostenta a universidade é garante de que os procesos de selección, contratación e desenvolvemento profesional son acordos aos estándares internacionais, o que representa unha oportunidade de cara a atracción de persoal investigador altamente cualificado.

A análise sobre a situación actual do equipo científico que conforma o IPsiUS require atender ao relevo xeracional incrementando o número de investigadores e investigadoras posdoutorais, e favorecendo a incorporación de perfís disciplinares complementarios (metodoloxía, tratamento de datos, etc.).

O10. Incrementar a captación e retención de persoal investigador nos distintos niveis da carreira científica

A25. Plan de xestión do talento

Deseño dunha estratexia de atracción, captación e retención de talento investigador. Realizarase unha análise cuantitativa e cualitativa para concretar as necesidades de persoal investigador do instituto no cuadrienio e identificar, con base no plan de *fundraising*, as fontes de financiamento accesibles, e establecer as medidas para lograr estes obxectivos (presentación de candidaturas a programas de financiación, actividades para contactar con potenciais candidatos, etc.). Esta estratexia apoiarse en mecanismos propios pero tamén nos recursos da USC e do Sistema Galego de Innovación para a captación de talento (Programa Oportunius, estratexia Retorna, etc.).

A26. Sección web sobre talento e difusión en Euraxess

Dado que durante a etapa de lanzamento a principal canle de difusión do IPsiUS será a web, potenciarase o seu uso para lograr os obxectivos de atracción e retención de talento; crearase unha sección específica sobre talento, conectada coa sección HRS4R da USC, na que se informará sobre cuestións de relevancia como as convocatorias de prazas, as actividades de formación e desenvolvemento de talento, ou os procesos de acompañamento.

En paralelo, crearase un perfil en Euraxess para a difusión internacional das convocatorias de prazas, seguindo a política da USC para o uso desta plataforma.

Ademais destas accións, contribuirá ao logro deste obxectivo a acción relativa á presentación de candidaturas ao ERC (A17).

O11. Apoiar ao persoal do instituto no desenvolvemento da súa carreira profesional

A27. Desenvolvemento de accións formativas

Ademais da formación ligada aos procesos de supervisión de persoal predoutoral e posdoutoral, o IPsiUS promoverá o desenvolvemento profesional do seu persoal a través da realización de actividades de formación continua, tanto de carácter científico-técnico como en competencias transversais. Para isto realizaranse accións propias, que poderán ser impartidas polo persoal do centro, e facilitarase o acceso á oferta formativa da USC e do Sistema do Innovación (cursos de preparación de proxectos, transferencia, xestión de investigación, etc.). Esta estratexia suporá a necesidade de realizar un rastrexo permanente da oferta formativa e unha adecuada difusión interna, tanto da celebración das actividades como *a posteriori* sobre o seu interese.

6.4. Transferencia e impacto social

As liñas de traballo a desenvolver no instituto presentan un amplo potencial de transferencia e innovación, en termos de xeración de servizos, produtos e ferramentas de avaliación e intervención susceptibles de ser utilizados por profesionais de distintos ámbitos, e de mellorar as actuacións das administracións en desafíos sociais de primeira orde (p. ex., envellecemento, saúde mental, adiccións, violencia, inclusión social). Os grupos que compoñen o instituto teñen xa experiencia nesa translación da investigación á sociedade, a través de convenios e contratos, acordos de licenza de comercialización de produtos, servizos asistenciais, formación e asesoramento de profesionais. Esta experiencia é un punto de partida que pretende reforzarse co traballo conxunto do centro, facendo da transferencia un pilar esencial para que a ciencia xerada no instituto, ademais dunha alta calidade, desenvolva toda a súa capacidade para dar resposta ás necesidades da nosa contorna.

O12. Fortalecer as capacidades do instituto para a realización de actividades de transferencia

A28. Análise do potencial de valorización das capacidades e resultados

O punto de partida para a determinación do modelo de transferencia do IPsiUS é aplicar un procedemento que permita sistematizar a identificación dos resultados da actividade de I+D e das capacidades con potencial para a súa aplicación no

mercado/sociedade, e determinar con carácter preliminar a vía máis adecuada de transferencia (p. ex., servizos, licenza, spin-off). O obxectivo é configurar un cartafol priorizado de proxectos de valorización para a súa posterior promoción.

Dado que na etapa de lanzamento non se contará con persoal propio especializado para esta función, co apoio da Área de Valorización, Transferencia e Emprendemento (AVTE) da USC, seleccionárase a metodoloxía máis adecuada para realizar esta caracterización.

A29. Impulso da protección de resultados

Promoverase a adopción de prácticas de xestión da propiedade intelectual adecuadas ao perfil dos resultados e as capacidades identificadas na Acción 28. Polo perfil de actividade do IPsiUS, entre os mecanismos utilizados destacarán os dereitos de autor, rexistro de software, acordos de confidencialidade e segredo industrial. Sempre en coherencia, e en todo caso supeditado, ao compromiso do instituto cos principios de ciencia en aberto..

A30. Fomento das actividades de transferencia adaptadas ás necesidades identificadas na contorna

O axuste aos desafíos que se presentan no noso contexto requirirá non só da elaboración de un catálogo de recursos, produtos e servizos con potencial de transferencia, senón tamén unha análise das necesidades que presenta a nosa sociedade. Neste sentido, o instituto elaborará un mapa de institucións e grupos de interese nas liñas desenvolvidas no centro, e manterá contactos periódicos con eses axentes sociais, por exemplo, a través de visitas e xornadas organizadas desde o instituto, para:

- Dar a coñecer os avances que poden dar lugar a innovacións en problemas sociais relevantes.
- Coñecer como van evolucionando as necesidades dos propios axentes sociais, de forma que a investigación do instituto poida afinarse e orientarse aos desafíos da sociedade.

Complementariamente, para adquirir e fortalecer a cultura e as competencias en materia de transferencia do persoal do instituto, a Acción 26 relativa ao desenvolvemento de accións formativas incluírá as relativas á transferencia. Neste senso fomentarase a participación nas accións de desenvolvemento de persoal investigador do Programa Ignicia Transferencia de Coñecemento.

O13. Potenciar as actividades de colaboración en materia de mellora asistencial e de asesoramento

A31. Promoción de convenios con entidades públicas e privadas

A promoción da saúde e do benestar é asumida principalmente por entidades públicas ou polo terceiro sector a través da prestación de servizos e o desenvolvemento de actividades diversas. O IPsiUS conta con capacidades acreditadas no deseño de protocolos, na posta en funcionamento de servizos -coma a Unidade de Tabaquismo e Trastornos Adictivos ou a de Psicoxerontoloxía- ou no desenvolvemento de programas de formación ou dinamización para abordar unha

determinada problemática (p. ex., programas de avaliación de menores institucionalizados -[VRAI](#)-; programas de prevención para as comunidades educativas -[Construyendo Salud](#), [EmPeCemos](#)-, detección e intervención temperada da fragilidade e deterioro cognitivo en persoas maiores –Unidade de memoria-Concello de Boimorto–).

Partindo do coñecemento e a información resultante das accións do obxectivo anterior, e en liña con Acción 30, impulsárase o achegamento a entidades públicas e privadas que atenden as problemáticas que se abordan na axenda científica para lograr convenios de colaboración. Para isto, realizaranse actividades de promoción como, por exemplo: a produción de materiais de presentación das capacidades, a asistencia a eventos ou a realización de reunións coas entidades de interese, entre outras.

O14. Potenciar o desenvolvemento de ferramentas e plataformas dixitais para a práctica investigadora e profesional

A32. Promoción da dixitalización de ferramentas de avaliación e protocolos de intervención

O IPsiUS impulsará o desenvolvemento en soportes dixitais de ferramentas de avaliación e protocolos de intervención. Os grupos que promoven o instituto teñen xa liñas abertas para a informatización de ferramentas de avaliación, e para o desenvolvemento de aplicacións móbiles na intervención psicolóxica. Asentándose nesta experiencia, e partindo de produtos que xa teñen mostrado a súa utilidade en formatos máis tradicionais, a dixitalización forma parte importante das metas do instituto. Para isto, propónse afianzar as alianzas xa existentes con centros de desenvolvemento tecnolóxico (p. ex., centro AtlantTic, grupos GIST e en Tecnoloxías da Información da Universidade de Vigo, empresa Balidea, etc.), así como desenvolver novas colaboracións con unidades de investigación nas ciencias da computación e a intelixencia artificial. Tamén, máis alá de levar a un formato dixital instrumentos que se teñen mostrado eficaces noutras modalidades, propónse coñecer as necesidades dos grupos interesados, en liña con Acción 30, para identificar os focos onde a dixitalización de ferramentas psicolóxicas é máis demandada, e implicar ao instituto en proxectos de co-desenvolvemento. Neste sentido, as axudas á dixitalización a empresas e administracións, que se teñen despregado nos últimos anos, poderán ser un contexto idóneo para a colaboración entre o instituto e os grupos interesados tanto no sector público como privado.

6.5. Cronograma

A viabilidade e o ritmo de desenvolvemento do plan de acción está condicionado por tres factores:

- A implantación do plan de espazos, dotando ao instituto dunha sede física, con espazos para o traballo cooperativo, o que facilitará a

realización das actividades do plan de acción e dotará dunha identidade propia ao IPsiUS na Facultade de Psicoloxía.

- O acceso a financiación basal: nun escenario optimista o IPsiUS poderá ter acceso á convocatoria de consolidación da Consellería de Educación en 2024, polo que se podería contar con fondos a partir de 2025.
- O apoio da USC para proporcionar soporte e recursos de xestión e dinamización que permitan ao Instituto acadar os requisitos para acceder á financiación autonómica (incrementar a dimensión internacional, contar cun plan de comunicación, etc.).

O cronograma seguinte propónse baixo a hipótese de que o IPsiUS logra financiación basal autonómica en 2024.

Táboa 37. Cronograma para o desenvolvemento do plan de acción do IPsiUS no período 2024-2027

Accións	2024	2025	2026	2027
Desenvolvemento institucional				
A1.Elaboración, aprobación e implementación da normativa interna para a xestión				
A2 Constitución dos órganos de xestión e goberno				
A3. Definición e implantación do modelo e a estrutura de xestión para a dinamización e a captación de fondos				
A4. Plan de captación de fondos				
A5. Plan Operativo Anual (POA)				
A6. Supervisión da implantación do plan de espazos				
A7. Catálogo de equipamento e plan de investimento anual				
A8. Plan de marca e comunicación				
A9. Desenvolvemento da web				
A10. Procesos de acollida de novo persoal				
A11. Política de equidade de xénero e accións de promoción				
A12. Sesións científicas periódicas e encontro anual				
A13. Consolidación das relacións de colaboración xa existentes				
Investigación				
A14. Servizos de soporte a xestión de proxectos				
A15. Seguimento das medidas e iniciativas de reforma da avaliación da investigación				
A16. Incremento das publicacións en colaboración internacional				
A17. Presenza en foros internacionais				
A18. Presentación de candidaturas ao ERC				

Accións	2024	2025	2026	2027
A19. Promoción da mobilidade bidireccional do persoal investigador				
A20. Presenza institucional e posicionamento do IPsiUS				
A21. Promoción da colaboración científica				
A22. Promoción da adhesión da actividade investigadora aos principios de transparencia				
A23. Elaboración dun protocolo para os plans de xestión de datos				
A24. Promoción da publicación en aberto, en medios adheridos á declaración de DORA				
Talento				
A25. Plan de xestión do talento				
A26. Sección web sobre talento e difusión en Euraxess				
A27. Desenvolvemento de accións formativas				
Transferencia				
A28. Análise do potencial de valorización das capacidades e resultados				
A29. Impulso da protección de resultados				
A30. Fomento das actividades de transferencia adaptadas ás necesidades identificadas na contorna				
A31. Promoción de convenios con entidades públicas e privadas				
A32. Promoción da dixitalización de ferramentas de avaliación e protocolos de intervención				

6.6. Indicadores para a monitorización e seguimento do plan de acción

Indícanse a continuación os indicadores cualitativos, e cuantitativos cando aplique, que evidenciarán o grao de desenvolvemento do plan de acción (Táboa 28).

Táboa 38. Indicadores para a monitorización do plan de acción do IPsiUS no período 2024-2027

Accións	2024
Desenvolvemento institucional	
A1. Elaboración, aprobación e implementación da normativa interna para a xestión	Aprobación da normativa no Consello de Goberno e publicación na web do IPsiUS
A2. Constitución dos órganos de xestión e goberno	Aprobación na Xunta de Goberno e publicación na web do IPsiUS
A3. Definición e implantación do modelo e a estrutura de xestión para a dinamización e a captación de fondos	Documento interno descritivo da composición da estrutura de xestión Actas de reunións dos órganos de goberno e das unidades de traballo
A4. Plan de captación de fondos	Aprobación do plan de captación de fondos pola Xunta de Goberno Evolución do perfil de captación de fondos do IPsiUS con respecto a situación 2018-2022
A5. Plan Operativo Anual (POA)	Aprobación dos POAs pola Xunta de Goberno
A6. Supervisión da implantación do plan de espazos	Aprobación do Plan de espazos pola Xunta de Goberno IPsiUS operativo na Facultade de Psicoloxía
A7. Catálogo de equipamento e plan de investimento anual	Aprobación do Catálogo de equipamento e plan de investimentos pola Xunta de Goberno Publicación do catálogo na intranet Grao de execución do plan de investimentos
A8. Plan de marca e comunicación	Difusión do logotipo do IPsiUS Grao de cumprimento dos indicadores do plan de marca e comunicación
A9. Desenvolvemento da web	Publicación da web e da intranet
A10. Procesos de acollida de novo persoal	Aprobación pola Xunta de Goberno dos protocolos de acollida Número de accións de benvinda realizadas
A11. Política de equidade de xénero e accións formativas	Número de accións de promoción da equidade de xénero desenvolvidas
A12. Sesións científicas periódicas e encontro anual	Número de sesións científicas realizadas Número de asistentes ás sesións científicas Publicación e difusión do programa dos encontros anuais Número de asistentes aos encontros anuais
A13. Consolidación das relacións de colaboración xa existentes	Documento coa relación de entidades obxectivo Número de acordos asinados Número de proxectos ou accións de colaboración con entidades da rede científica
Investigación	
A14. Servizos de soporte a xestión de proxectos	Modificación do organigrama do centro Evolución dos indicadores sobre captación de fondos e actividade de I+D
A15. Seguimento das medidas e iniciativas de reforma da avaliación da investigación	Adhesión da USC a DORA e a COARA Participación de integrantes do Instituto en iniciativas derivadas
A16. Incremento das publicacións en colaboración internacional	Indicadores de publicacións en colaboración internacional

Accións	2024
A17. Presenza en foros internacionais	Relación de foros nos que se participa
A18. Presentación de candidaturas ao ERC	Proxectos presentados ao ERC
A19. Promoción da mobilidade bidireccional do persoal investigador	Número de persoas que participan en accións de mobilidade, tanto do IPsiUS como persoal investigador visitante
A20. Presenza institucional e posicionamento do IPsiUS	Relación de entidades nas que integrantes do IPsiUS participan cunha función ou posto relevante
A21. Promoción da colaboración científica	Publicación do programa de proxectos cooperativos do IPsiUS
A22. Promoción da adhesión da actividade investigadora aos principios de transparencia	Presentación aos integrantes do IPsiUS do estudo sobre Ciencia Aberta e aprobación de boas prácticas a implementar
A23. Elaboración dun protocolo para os plans de xestión de datos	Publicación do protocolo na intranet
A24. Promoción da publicación en aberto, en medios adheridos á declaración de DORA	Incremento da produción científica en aberto con respecto á situación 2018-2022
Talento	
A25. Plan de xestión do talento	Aprobación pola Xunta de Goberno do plan de xestión do talento Evolución na captación de persoal como resultado da implantación do plan
A26. Sección web sobre talento e difusión en Euraxess	Publicación de ofertas en Euraxess
A27. Desenvolvemento de accións formativas	Número de accións formativas organizadas Número de accións formativas ás que asiste persoal investigador integrante do Instituto Número de persoas que participan en accións formativas
Transferencia	
A28. Análise do potencial de valorización das capacidades e resultados	Presentación á Xunta de Goberno da análise Evolución dos indicadores de transferencia como resultado dos cambios introducidos a raíz desa análise
A29. Impulso da protección de resultados	Número de rexistros de software, marcas, patentes, etc.
A30. Fomento das actividades de transferencia adaptadas ás necesidades identificadas na contorna	Evolución dos indicadores de transferencia con respecto ao período 2018-2022 Relación de novos socios
A31. Promoción de convenios con entidades públicas e privadas	Número de convenios asinados
A32. Promoción da dixitalización de ferramentas de avaliación e protocolos de intervención	Fondos captados para o desenvolvemento destas ferramentas Publicación de novas ferramentas